

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 2

SESION ORDINARIA DO 7 DE FEBREIRO DE 2011

ASISTENTES

POLO GRUPO MPAL. DO PSdeG-PSOE

Abelairas Rodríguez, Isaura
Caballero Alvarez, Abel Ramón
Calviño Rodríguez, Xulio
Díaz Vázquez, Raquel
Lago Rey, María Jesús
López Atrio, Laura
López Font, Carlos
Rivas González, Angel
Rodríguez Díaz, Santos Héctor

POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Alonso Pérez, Fco. Xabier
Domínguez Olveira, Santiago
López Carreira, Xesús
Méndez Piñeiro, María
Velo Ríos, Iolanda

POLO GRUPO MPAL. DO PARTIDO POPULAR

Beiro Diz, Pablo José
Coello Bufill, Antonio
Comesaña Abalde, Carlos
Conde Gil, Jorge
Fidalgo Iglesias, Miguel
Figueroa Vila, José Manuel
García Míguez, María Angeles
Iglesias Bueno, Marta
Larriba Leira, Elvira
López-Chaves Castro, Ignacio
Martiño Gómez, Antonio
Muñoz Posse, Carlota
Romero Rodríguez, Begoña

NON ASISTE:

Díaz Vázquez, Raquel

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, as nove horas e dez minutos do día sete de febreiro do ano dous mil once, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, reúnen-se os membros dos Grupos Políticos municipais coa asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Beiro Diz, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Domínguez Olveira, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Lago Rey, Larriba Leira, López Atrio, López Carreira, López-Chaves Castro,

López Font, Martiño Gómez, Méndez Piñeiro, Muñoz Posse, Rivas González, Rodríguez Díaz, Romero Rodríguez e Veloso Ríos, actuando como Secretaria Xeral do Pleno que asina D^a María Concepción Campos Acuña, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA, continuación da realizada o día 31 de xaneiro e suspendida no punto 5 da orde do día pola Alcaldía-Presidencia, conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. concelleiros coa antelación legalmente requirida. Non asiste a Sra. Díaz Vázquez. Están tamén presentes os membros da Xunta de Goberno Local Sres. Mariño Mendoza do Grupo municipal do PSdeG-PSOE e o Sr. Álvarez Álvarez do Grupo Municipal do BNG, así como o Interventor Xeral don Juan Ramón González Carnero.

INTERVENCIÓN DA PRESIDENCIA: Iniciamos a orde do día do Pleno continuación do realizado o día 31 de xaneiro que se suspendeu polas circunstancias de imposibilidade de continuar debido a alteracións producidas por unha parte do público asistente, coa orde do día de todos aqueles puntos que no Pleno anterior non se trataron.

Ábrese sesión pública, constátase quórum e iniciamos o Pleno.

PARTE RESOLUTIVA

5.- MOCIÓNS:

5.1.- (10).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG CONTRA OS RECORTES SOCIAIS DO ESTADO E DA XUNTA DE GALICIA. EXPTE. 110/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 19 de xaneiro, número 110/1101, a voceira do Grupo municipal do BNG, Sra. Méndez Piñeiro, formula a seguinte moción:

“A actual crise económica está a ser o marco idóneo para que tanto o Goberno do Estado como a Xunta de Galicia estean a levar a cabo medidas de claro carácter antisocial, que seguindo os ditados de organismos como a UE, o FMI ou a OCDE, e baixo o pretexto de reducir gastos e fomentar unha política de austeridade,

están a supoñer un forte recorte das prestacións e servizos sociais e, polo tanto, un empeoramento das condicións de vida da maioría da poboación.

Neste contexto, o último paso é o anuncio do Goberno do Estado de que presentará a finais de xaneiro unha proposta de reforma do sistema de pensións. Este anuncio ven encadrado nunha campaña con numerosas declaracións tanto do Goberno como de membros e institucións destacadas da dereita económica e dos poderes financeiros que tentan amosar unha imaxe alarmista e catastrofista do sistema público de pensións, aludindo á súa futura insostibilidade, coa clara intención de crear alarma social, que é o mellor recurso para posteriormente xustificar reformas regresivas na Seguridade Social e abrir o campo a fondos de pensións privados e á privatización do propio sistema.

Así, as declaracións que os diferentes membros do goberno do Estado están a facer sobre as medidas que se contemplarán nesta reforma non poden ser máis preocupantes. Anúnciasenos o incremento da idade legal de xubilación até os sesenta e sete anos, e anúnciasenos tamén pensións de menor contía, a través da fórmula de incrementar os anos para o cómputo da contía da pensión. Estas dúas medidas, de levarse adiante, suporán un empeoramento das condicións de vida da gran maioría da poboación, ao ter que traballar máis anos e recibir unha pensión menor.

Segundo o propio ministro de Traballo e Inmigración, a reforma incluírá o atraso da idade de xubilación até os sesenta e sete anos, o que suporía a maior idade legal de xubilación dos países do noso contorno. Non é esta a medida máis acaída para fomentar o reparto do traballo e loitar contra o altísimo desemprego xuvenil, que se sitúa no 34,6% en Galicia (III trimestre da EPA).

Ademais, o goberno do Estado está a propoñer modificacións no cálculo da contía das pensións. Na actualidade a contía da pensión calcúlase en función da base reguladora da persoa cotizante nos seus últimos quince anos antes da xubilación, e o goberno propón ampliar este período até os vinte anos nunha primeira estancia, propoñendo que nunha segunda fase se eleve até os vintecinco anos. O incremento no período de cálculo diminúe a contía da pensión a percibir na maioría dos casos. Diversas persoas especialistas en economía estiman que, por cada incremento dun ano no período de cálculo da pensión, a contía descende de media nun 1%. Así, de incrementarse en cinco anos este cómputo, a pensión media dun galego ou galega, que está en 730,70 euros mensuais, descendería en 36,5 euros cada mes, e 511 euros anuais. Isto significa que ao ano, Galicia deixará de percibir en concepto de pensións, 227,3 millóns de euros anuais. Estes descensos duplicaríanse nunha segunda fase que prolongaría este período até os vintecinco anos.

O BNG afirma que o actual sistema de pensións é sólido e solvente, e tamén que poden ser necesarias algunhas reformas no mesmo, pero as mesmas deben servir para corrixir os aspectos regresivos que contempla o Pacto de Toledo, pacto apoiado polo PP e polo PSOE, e que supuxo o primeiro paso para o retroceso do carácter público do Sistema de Pensións. Polo tanto o BNG opónse frontalmente á reforma tal como a ten anunciado o goberno do Estado.

Non obstante, a reforma das pensións non é o único motivo para preocupármolos. Tanto a Xunta de Galicia como o Goberno do Estado acaban de levar a cabo medidas que provocarán grandes dificultades, especialmente a aquelas persoas que se encontran en situación de desemprego e carecen de calquera cobertura económica.

Os galegos e as galegas por debaixo do limiar da pobreza ascenden a máis de 600.000 persoas. Non obstante, o número de persoas perceptoras da renda de integración social de Galicia (RISGA) é menor de 5.000 e os orzamentos elaborados pola Xunta de Galicia para 2011, malia recoñecer que vai haber un incremento de solicitudes do 18%, para 2011, vén conxelar para 2011 as partidas dedicadas a estas persoas, como son as prestacións sociais de carácter periódico destinadas a garantir recursos económicos de subsistencia a quen careza deles, como a renda de integración social de Galicia (RISGA); as axudas de emerxencia social; o servizo de asistencia no fogar e as destinadas ao financiamento dos plans concertados e de servizos sociais comunitarios, última esperanza de obter un ingreso para moitos galegos e galegas que carecen de calquera outro apoio. Ademais, o goberno do PP recorta drasticamente os recursos destinados as políticas sociais e, concretamente, as transferencias que en materia social realiza a administración galega aos concellos.

Neste contexto a supresión por parte do Goberno do Estado da axuda de 426 euros que viñan recibindo 9.000 galegos e galegas, agrava as consecuencias dos recortes sociais practicados pola Xunta de Galicia, incrementando a pobreza e agravando as desigualdades no noso país, especialmente nun momento no que os traballadores e traballadoras que perderon o seu emprego no punto máis álxido da crise (finais de 2008 e comezos de 2009) están a piques de esgotar a cobertura por desemprego.

Polo o exposto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte acordo:

1.- Instar ao Goberno do Estado a que retire a actual proposta sobre a reforma das pensións e, concretamente, que se defendan os seguintes criterios ante unha futura reforma:

- A idade legal de xubilación debe permanecer nos sesenta e cinco anos.
- O período para o cálculo da contía da pensión manterase os quince anos de cotización, podendo optarse por fórmulas que permitan seleccionar o período da vida laboral con maiores bases de cotización da futura persoa pensionista.

2.- Instar ao Goberno do Estado a manter o Programa Temporal de protección por desemprego e inserción (PRODI) co fin de asegurar que ningunha persoa desempregada quede sen cobertura.

3.- Instar á Xunta de Galicia a incrementar substancialmente a dotación

presupostaria para a inclusión social e, en concreto, incrementar a contía da RISGA e das axudas de emerxencia social.”

A comisión informativa de Asuntos Sociais, na súa sesión do 24 de xaneiro de 2011, ditamina favorablemente a anterior moción.

Emenda presentada durante o curso da sesión, pola concelleira do Grupo Popular Sra. García Míguez, en escrito de data 31 de xaneiro:

Punto 1.- Instar ao Goberno do Estado á aprobación dunha reforma do sistema público de pensións na que se adopten medidas que:

- Garantan que os 65 anos sexa a idade real e efectiva de xubilación.
- Incentiven a prolongación voluntaria da vida laboral dos traballadores e traballadoras máis alá dos 65 anos.

Punto 3.- Instar á Xunta de Galicia a que:

- Os créditos destinados ao pagamento do complemento autonómico ás pensións non contributivas se amplíen de xeito que permitan dar cobertura a todos os solicitantes que cumpran os requisitos esixidos pola administración e que garantan un incremento da contía percibida por cada receptor do 3% sobre a existente no ano 2010.
- Os créditos destinados ao pagamento da RISGA garantan esta prestación a todos os solicitantes con dereito á mesma, suplementando a contía de 2.010 nun 3%.

A PRESIDENCIA: Iniciamos co punto 5.1 “Moción do Grupo municipal do BNG contra os recortes sociais do Estado e da Xunta”. No anterior Pleno interveu o Sr. Domínguez Olveira e estaba no uso da palabra o Sr. Rodríguez Díaz que levaba aproximadamente un minuto e faltaba a intervención do Grupo Popular e a resposta do voceiro do BNG. Continuaremos polo tanto coa intervención do Sr. Rodríguez Díaz e ímoslle dar catro minutos de tempo facéndolle o rogo de que resuma brevemente a parte inicial e remate en catro minutos a súa intervención.

DEBATE.- SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Falaba no anterior Pleno diante desta moción en primeiro lugar que garantir o sistema era garantir as pensións. Iso é o que está facendo este acordo entre o goberno, as organizacións sindicais e a patronal. Isto sábeno os actuais e tamén futuros pensionistas. É certo que hai unhas novas realidades, hai unha expectativa de vida maior e ademais é un acordo que se vai

revisar cada cinco anos.

Dicía tamén que o Partido Popular achega unha emenda pola que insta por primeira vez á Xunta de Galicia a facer algo referido ós traballadores e traballadoras. Dá a impresión que van entendendo que teñen competencias no emprego. É moi importante esta moción porque posibilita que se poidan difundir os diferentes puntos de vista.

Por primeira vez se ten en conta ós bolseiros e bolseiras ós que se lles vai recoñecer dous anos de cotización como tales bolseiros; tamén ás mulleres que por mor da súa maternidade abandonan o traballo vánselles recoñecer dous anos como cotizados á Seguridade Social, igual ós que atendan ás persoas dependentes.

Estamos a ver como en noutros países se levaron por diante gobernos. Refírome a Gran Bretaña porque un goberno laborista propuxo medidas similares a estas que se acordaron aquí e perderon as eleccións, gañáronas os conservadores en Gran Bretaña e seis meses logo de realizadas esas eleccións unha ampla maioría dos cidadáns e cidadás están en contra do novo goberno conservador porque está a facer un ataque brutal ó estado do benestar. Teñen xa quince puntos de diferenza a favor os laboristas dos conservadores precisamente por estas medidas.

Temos que dicir polo tanto que os posicionamentos a curto prazo teñen consecuencias e como estamos a ver noutros países consecuencias graves. Aquí témonos que felicitar porque fose a través dun grande acordo de estado entre as organizacións sindicais, coa patronal e co goberno do Estado que se vai posibilitar que o noso sistema de pensións sega a ser sólido e que poida garantir as pensións actuais e as futuras.

Non hai moitos anos que en Galicia, cando se trazaba e se propoñía a construción da autopista, nese caneo de curto prazo algúns falaban dunha navallada a Galicia. Hoxe o desenvolvemento de Galicia non se entendería sen ter estas vías. Paréceme moi ben polo tanto que o Partido Popular inste á Xunta de Galicia porque vemos que tamén esas políticas pasivas que non aceptou Feijóo, que veñen substituír ó PRODI, agora as tratan de poñer en práctica.

Saudamos polo tanto este acordo, sabemos que garante as pensións actuais e as futuras e garante o sistema que é o que nos importa ós traballadores e

traballadoras deste país.

SRA. GARCÍA MÍGUEZ: En Vigo somos preto de 300.000 habitantes e o 14,22% das persoas viven baixo o albor da pobreza, 42.300 persoas viven nunha situación moi complicada na nosa cidade e preto de 70.000 segundo as organizacións que atenden ás persoas que máis o necesitan. O paro a nosa cidade supera os 30.000 parados e 4.700.000 en toda España gracias á política anti-social do goberno socialista apoiado polo Bloque Nacionalista Galego no goberno central, no goberno autonómico e no goberno local.

Debemos facer memoria e lembrar que o goberno bipartito da Xunta de Galicia deixou unha débeda de 2.600 millóns de euros que agora o goberno do Sr. Feijóo ten que devolver.

Debemos lembrar que co beneplácito do Bloque Nacionalista Galego o Concello de Vigo endebedouse en 90 millóns de euros e que o Bloque Nacionalista Galego tamén participou no reparto deste pastel.

Debemos lembrar que nos orzamentos xerais do Estado do pasado ano o Bloque Nacionalista Galego non votou en contra deles, deses orzamentos que fomentaron a crise, o paro e que nos levaron á situación na que estamos actualmente.

Non son dous gobernos, Sr. Domínguez Olveira, como dicía o outro día, é o mesmo goberno que xera, mantén e intensifica a crise, o paro e a pobreza. Lembre, Sr. Domínguez, que o Bloque Nacionalista Galego foi, vai e tería que ir da man do PSOE para gobernar. É a mesma política anti-social que elimina a sociedade do benestar que tanto esforzo custou.

Respecto ó aumento da idade de xubilación a postura é moi clara. É preciso garantir que se faga efectiva a idade real de xubilación porque a media non está nos 65 anos. A prolongación da vida activa dos traballadores máis aló dos 65 anos debe ser voluntaria e débense reforzar os incentivos para os traballadores que o decidan facer porque a experiencia é moi importante e non debe ser a idade algo discriminatorio para estar dentro do mercado laboral.

Precísase un sistema xusto, solidario e sostible economicamente e fixeron unha reforma improvisada e que chega tarde. Xa son demasiados os parados en España e xa o son na nosa cidade.

O pacto dos sindicatos e o Partido Socialista recorta un 20% as pensións e aumenta a idade de xubilación ós 67 anos e o cómputo ós últimos 25 anos de vida laboral co que é xerador de pobreza.

Difícúltaselle aínda máis ó millón e medio de mozos e mozas en paro poder cobrar no futuro toda a súa pensión. Estes mozos que se queixan de seren mileuristas, de non ter acceso á vivenda e de ter moitas dificultades para se independizar e para acadar un traballo cando sexan maiores, cando cheguen á idade da xubilación non deixarán de seren *mileuristas*. O pacto está incentivando o subemprego xuvenil xa que se aumenta e se fomenta a contratación a tempo parcial dos mozos.

Os desempregados que se acollan a axudas de formación tampouco contabilizarán nas listas do paro, algo que coidamos é un retroceso xa que estas persoas, malia se estaren formando, poderían estar dentro do mercado laboral de estaren nas listas do paro.

O pacto deixa para dentro de nove meses a elaboración dun plan de choque para parados con idades superiores a 55 anos. Deixan para dentro de nove meses a proposta de medidas importantes, de medidas efectivas para as persoas que teñen máis dificultades para atopar emprego que son os maiores de 55 anos e os mozos.

O resume da súa política é que en España hai 130.000 persoas que perderon o seu posto de traballo só no mes de xaneiro. En Vigo máis de 1.000 parados ó mes. Soben os prezos, baixan e conxelan as pensións...

A PRESIDENCIA: Sra. García, rematou o seu tempo. Sr. Domínguez Olveira, entendo que presentaron unha emenda que está en poder dos grupos e polo tanto dáse por presentada.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Hai unha primeira falsidade que se ven dicindo por activa e por pasiva porque o sistema de pensións non estaba en crise, o sistema de pensións é absolutamente solvente como o demostra que a sanidade pública, a Seguridade Social, o ano pasado deu un superávit moi importante e que todos os datos apuntan a que este ano tamén o vai dar. Polo tanto non había ningún tipo de risco no sistema público de pensións. O que dalgún xeito hai é unha

medida, un recorte nas pensións, nas prestacións dos traballadores que se fai ó ditado da gran banca porque a esta si que lle preocupa que o seu plan de pensións privado teña problemas de solvencia. Esa é a razón, non é porque o sistema de pensións estivese en crise.

Señores do Partido Popular, é certo que en Vigo hai 14 e pico por cento de familias que están no albor da pobreza e o goberno da Xunta diante destas familias reacciona recortando absolutamente todas as prestacións sociais. Terán vostedes cara de falar disto cando acaban de eliminar o Plan de inclusión social e cando acaban de eliminar 180.000 euros que ían dedicados precisamente a esas familias en risco de exclusión social, cando conxelan o Plan concertado, cando rebaixan as axudas á emerxencia, as axudas ó fogar. Claro que hai familias no albor da pobreza creadas por unha crise económica da que non foron culpables os traballadores e traballadoras. Da que foron culpables, Sra. Concelleira, as políticas que tanto o Partido Socialista no Estado como o Partido Popular na Xunta de Galicia están poñendo en marcha. Se lles preocupan as familias no albor da pobreza acheguen fondos para que se poidan atender as súas demandas.

Mágoa que con só tres minutos pouco dea máis para falar. Pero en resumo é o maior recorte ás prestacións dos traballadores e traballadoras, das clases menos favorecidas que se produciu neste país. Por iso os parados non son nin do Sr. Zapatero nin do Sr. Feijóo, son consecuencia dunha crise económica polas políticas neoliberais e o que hai que facer, tanto polo Estado como pola Xunta de Galicia, é deixar de tirar os balóns fóra e acometer políticas reais de emprego, de incorporación dos mozos e das mulleres ó mercado laboral, políticas reais que vaian na liña de crear riqueza, de redistribuíla mellor e sobre todo de crear un sistema fiscal máis progresivo, que incida máis nas rendas máis altas e nos grandes beneficios do capital privado.

A PRESIDENCIA: Sr. Domínguez Olveira, débese pronunciar sobre a aceptación da emenda do Grupo popular.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Aceptaríamos a emenda número tres porque recolle plenamente o que nós pedimos, é dicir, que a Xunta de Galicia aumente as pensións contributivas, aumente todos os créditos para o RISGA, etc. Aceptamos

substituír o punto número tres pero non podemos aceptar o número un porque o BNG non está de acordo en que haxa medidas para incentivar a prolongación voluntaria da vida laboral. Non estamos de acordo con que haxa medidas para que os traballadores...

A PRESIDENCIA: Moitas gracias, Sr. Domínguez Olveira.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Déixeme explicar.

A PRESIDENCIA: Non, límitese só a dicir o que acepta e o que non acepta. A súa quenda rematou, Sr. Domínguez Olveira.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Perdoe vostede, unha cuestión de orde.

A PRESIDENCIA: Tiña que facelo na súa intervención de tres minutos, para iso é. Límitese a dicir que acepta ou que non acepta.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Non aceptamos a número un porque o BNG quere que os traballadores traballen o que teñan que traballar e non máis.

A PRESIDENCIA: A proposta do BNG sería a primeira e a segunda como están no texto da moción orixinal e a terceira co texto da emenda do Grupo popular. Está de acordo o Grupo popular? Non está de acordo. Manteñen a deles. Acepta?

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Non entendo. Se presenta unha emenda de substitución a un punto e nós lla aceptamos, agora non aceptan que lla aceptemos?

A PRESIDENCIA: Tal e como entendo o Grupo popular di que acepta de se aceptaren a totalidade da súa emenda.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Moi ben. Por iso poñían o punto número un, para que non o puideramos aceptar e así non lle ter que instar á Xunta. Estaba claro.

Mantemos a moción tal e como a presenta o Bloque Nacionalista Galego.

A PRESIDENCIA: Rexeitada a admisión da emenda do Grupo popular, procedemos á votación da moción do Bloque Nacionalista Galego nos termos nos que foi inicialmente proposta.

A asinante da moción non acepta a emenda formulada pola concelleira do Grupo Popular transcrita anteriormente polo que non se somete a votación.

(Está ausente a Sra. Díaz Vázquez do Grupo Socialista).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con oito abstencións dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, cinco votos a favor dos membros do Grupo municipal do BNG Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal do PP Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse e Romero Rodríguez,

ACÓRDASE:

Rexeitar a moción formulada pola voceira do Grupo municipal do BNG, Sra. Méndez Piñeiro, contra os recortes sociais do Estado e da Xunta de Galicia, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

5.2.- (11).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA RELATIVA AOS INVESTIMENTOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA EN VIGO. EXPTE. 116/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 20 de xaneiro, número 116/1101, o voceiro do Grupo Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte moción:

“O Grupo Municipal Socialista vén presentado mocións para que a Deputación Provincial de Pontevedra atenda e escoite, no marco da leal cooperación institucional, as demandas trasladadas polo Alcalde de Vigo dende o ano 2.007.

O *dossier* sobre as demandas concretas presentadas é amplo, con petición de actuacións concretas que non foron atendidas. As entrevistas entre presidente da Deputación de Pontevedra e alcalde de Vigo saldáronse sen ningunha contestación polo Sr. Louzán ás peticións do alcalde de Vigo. Primeiro, é unha clara mostra de descortesía política, segundo, é un menosprezo aos cidadáns de Vigo e terceiro, demostra a política partidista que se exerce dende a Deputación Provincial de Pontevedra cos concellos de diferente cor política do Partido Popular.

A día de hoxe está pendente de reparación a rede viaria dependente da Deputación no termo municipal de Vigo, moción aprobada polo Pleno deste Concello na súa sesión do 31/05/2010.

A día de hoxe está pendente de contestación, polo presidente da Deputación de Pontevedra, a proposta de humanización de rúas realizada por escrito polo alcalde de Vigo, moción aprobada polo Pleno deste Concello na súa sesión do 27/12/2010.

A día de hoxe está pendente o recoñecemento, por parte da Deputación de Pontevedra, de contemplar nos seus investimentos, cando menos, unha porcentaxe do 35% que lle corresponde á cidade de Vigo, moción aprobada polo Pleno deste Concello na súa sesión do 27/12/2010.

Todo este conxunto é unha clara mostra non xa tanto do desprezo da Deputación Provincial de Pontevedra á cidade de Vigo, senón unha decisión política de marxinar a esta cidade por ter un alcalde do Partido Socialista.

Se o anterior non era pouco, a Deputación de Pontevedra tampouco atende a concreta demanda do alcalde de Vigo emprazando á Deputación a que pague o voo a Milán, unha vez que se produciu a clara discriminación da Xunta de Galicia á cidade de Vigo na distribución das subvencións no Comité de Rutas Aéreas.

Non se xustifica que se pida un esforzo inversor ao Concello de Vigo, cumprido co voo Vigo-Londres, e que a Deputación non aposte pola potenciación do Aeroporto de Peinador, o único da provincia e sobre o que debería envorcar o seu esforzo inversor.

A petición concreta, formulada polo alcalde o 28 de decembro de 2010, non tivo resposta. Como queira que a proposta da Xunta de Galicia, de subvención de voos, representa para o Aeroporto de Santiago unha chegada de 266.000 pasaxeiros, fronte aos 21.000 de Vigo, é evidente que a Deputación debe corrixir cos seus investimentos esta situación de marxinação en beneficio de Vigo, por suposto, pero do conxunto da provincia.

Indignan na cidade de Vigo, as declaracións do presidente da Deputación, do 19 de Xaneiro de 2011, afirmando que “As Rias Baixas recibiron 1,3 millóns de visitantes en 2010, máis que Santiago” e apostando por unha potenciación do turismo desde a Deputación. Indigna á vista do seu nulo apoio, 0 euros, ao Aeroporto de Peinador, evidentemente unha vía de entrada do turismo moi importante.

A preocupación da Deputación polo Aeroporto de Peinador é tan nula, que en novembro de 2010, constitúese un Comité para redactar un estudo sobre o Aeroporto de Peinador, presidido por D. José Manuel Figueroa Vila, vicepresidente da Deputación e concelleiro deste Concello, e dous meses máis tarde nin se reuniron nin por suposto redactaron ningún documento.

En momentos claves para o futuro de Peinador, a Deputación Provincial de Pontevedra, constitúe hai dous meses un Comité que non dá resposta ningunha. Esta é a preocupación dos políticos do Partido Popular polo Aeroporto de Vigo.

Por todo iso, solicítase a adopción do seguinte acordo:

- 1.- Que o presidente da Deputación Provincial de Pontevedra concrete ao Alcalde de Vigo os investimentos a realizar no termo municipal de Vigo correspondentes ao 35% do presuposto de investimentos.
- 2.- Que a Deputación Provincial de Pontevedra se comprometa a redactar un estudo sobre o Aeroporto de Vigo, investimentos e subvencións ao mesmo derivadas do devandito estudo.
- 3.- Que con carácter inmediato, a Deputación Provincial de Pontevedra acepte a petición do alcalde de Vigo de subvencionar o voo Vigo-Milán, como un primeiro paso de potenciación do Aeroporto.”

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 24 de xaneiro de 2011, ditamina favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SR. LÓPEZ FONT: Presentamos esta moción como continuación das presentadas xa no Pleno de maio e no de decembro.

A falta de preocupación da Deputación provincial de Pontevedra por Vigo é evidente. As mocións que presentamos neste Pleno así o testemuñan e a contestación sempre foi negativa, pero procede cando xa estamos preto das eleccións municipais para facer un balance do que fixo a Deputación provincial de Pontevedra por esta cidade.

Dende o primeiro momento o alcalde pediulle ó presidente da Deputación obras

concretas por humanizacións. Referíase a avenida Portanet, rúa Coruña, Tomás Alonso; un total de 22,5 millóns de euros para que a Deputación provincial de Pontevedra investise nesta cidade. A Deputación deunos a calada por resposta e sempre a negativa. Son obras que tivo que acometer este goberno e polo tanto estamos diante dunha situación de trato discriminatorio. É dicir, se a Deputación provincial de Pontevedra humanizara esas rúas este goberno podería ter acometido outras obras no seu lugar.

Pero tampouco a Deputación provincial de Pontevedra acometeu a conservación da rede viaria dependente dela nesta cidade. Ata cinco estradas dependen da Deputación que nunca se preocupou delas e o caso máis significativo é o da Estrada Provincial onde sinxelamente estaría ben unha pequena reparación de fochas.

O tema do Museo de Pontevedra é clamoroso. A achega anual que lle fai a Deputación a este museo é de 3,2 millóns de euros, mentres que o museo MARCO desta cidade o solucionan con 150.000 euros.

A última vez o Sr. Figueroa se refería ó Colexio Alemán e nisto seguen enganando á cidadanía. Non se deben amparar na trécola da cesión de terreos porque dende hai xa un ano teñen a resposta positiva da veciñanza da zona para que poidan realizar a obra no Colexio Alemán. Polo tanto insisto en que o único que están a facer é enganar. É máis, afirmo rotundamente que de queren a Deputación a obra do Colexio Alemán se podería facer mañá mesmo.

Esta cidade está en situación de déficit con respecto á Deputación porque a Deputación ten un orzamento de media de 150 millóns de euros e o 35% dese orzamento, dos ingresos que percibe a Deputación, achégano os cidadáns de Vigo, ben de forma directa ou indirecta. Dito doutro xeito, os vigueses achegan cada ano ó orzamento da Deputación 50 millóns de euros e o retorno evidentemente é de cero euros porque en ningún só Pleno no que tratamos este tema puido o Sr. Figueroa, vicepresidente da Deputación, contestar. Iso si, a Sra. García na anterior intervención referiuse pomposamente á débeda que deixou o goberno do Sr. Touriño. Pois aínda que esa información de seu non é así, que se llo aplique o Partido Popular e que recoñeza que a Deputación ten con esta cidade unha débeda de 100 millóns de euros.

A partir de aí a despreocupación é total, tanto en obras como noutras cousas e

así teño que citar a achega que fixeron ó estadio de Pasarón dunha boa ducia de millóns de euros.

Posteriormente tampouco nos deron o trato que merecemos como cidade no apoio ás rutas aéreas. En primeiro lugar a cidade de Vigo sofre o agravio da Xunta de Galicia adxudicando seis rutas ó aeroporto de Santiago e dúas ó aeroporto de Vigo. O alcalde de Vigo solicita inicialmente un voo que tería un compromiso económico de 280.000 euros por parte da Deputación. Isto non se atendeu e ó vicepresidente da Deputación, Sr. Figueroa, o único que se lle ocorre, o mesmo día que o alcalde ten a iniciativa política de poñer en marcha outras rutas, coido que á altura do 23 de novembro, é crear un comité de expertos para avaliar a situación de Peinador e ver que pode facer a Deputación provincial de Pontevedra por esta cidade. Case dous meses e medio despois desta reunión que o Sr. Figueroa convocou, insisto que a remolque das iniciativas do alcalde de Vigo, aínda non temos ningún resultado.

Non se atendeu ningunha das demandas que esta cidade lle fixo á Deputación provincial de Pontevedra.

SR. ALONSO PÉREZ: Xa son varias as mocións nas que discutimos este mesmo tema e coido que non acabamos de comprender que a Deputación é un goberno que ten claras as súas prioridades; como penso que se saímos á rúa e lles preguntamos ós cidadáns que prioridades ten o goberno galego case ninguén podería responder. O Sr. Feijóo presentouse á presidencia da Xunta dicindo que ía arranxar o problema máis importante que ten a sociedade que é o problema do desemprego e agora mira cara outro lado, non se decata. Se preguntamos que prioridades ten a Xunta ninguén sabería contestar porque non está nunca nos problemas que lles afectan ós cidadáns. O Sr. Feijóo está ausente.

Pero a Deputación o ten moi claro. Se saímos fóra e preguntamos cales son as prioridades da Deputación todo o mundo é capaz de nos contestar. Á Deputación non lle preocupa o problema do desemprego, elabora un proxecto para combater o desemprego e a Vigo dálle cero euros e o Sr. Presidente da Deputación resérvase catorce millóns de euros para investir onde el queira. Sen embargo a Deputación ten clara a súa prioridade.

Nós seguimos preguntando e témolo claro como tamén o teñen claro todos os

ciudadáns: á Deputación só lle preocupa facer mocións de censura para cambiar gobernos, é a única preocupación que ten. O seu esforzo político é ir a Mos ou Gondomar convencer a tráfugas, negociar votos cos tráfugas para cambiar gobernos e logo facer modificacións de crédito para contentar por esas mocións de censura que fai. Esa é a preocupación que ten a Deputación de Pontevedra, esta é a súa prioridade política.

Se hai unha administración que os cidadáns teñen claro cal é a súa prioridade política esa é a Deputación. Poderemos preguntarlle e insistirlle todo o que queiramos pero serán xordos porque o teñen claro. A Deputación é unha administración que na actualidade carece de sentido, só o ten para o Partido Popular porque é unha recadadora de votos a través de mocións de censura, de compra de tráfugas, a través de facer o que xa non fai ningunha administración que é reservarse o seu presidente a decisión de en que concellos inviste.

E nós aquí todos preocupados preguntando en cada Pleno que fai a Deputación. Está moi claro. Non perdamos máis tempo. A Deputación vai seguir ó seu cunha política anacrónica, caciquil, repartindo diñeiro ós seus, cambiando gobernos a través de tráfugas... e vai seguir nesa política.

O presidente da Deputación fixo público que ía investir 25 millóns de euros en instalacións deportivas en Navia. Afortunadamente o Concello paralizoulle un proxecto comercial nun espazo deportivo e gracias a iso hoxe existe aí un pavillón e un campo deportivo. Paralizouse o proxecto comercial que ía facer o Partido Popular onde no medio pretendía crear un centro de auga. Como consecuencia diso o presidente da Deputación anunciou que mágoa que o Concello de Vigo non quixera o investimento de 25 millóns de euros en Vigo. Como concelleiro de Deportes de inmediato, o 20 de xaneiro de 2009, escribinlle dicindo que nós queriamos eses 25 millóns de euros que a Deputación dixo que ía investir en Vigo. Aínda estou agardando resposta.

Cero euros porque non é a súa prioridade investir na cidade, non o é investir no principal problema que teñen os cidadáns que é o problema do desemprego. A prioridade do goberno do Sr. Louzán, do goberno da Deputación, non é máis que traballar o voto para o Partido Popular utilizando a tráfugas e cambiando gobernos democráticos.

Xa que os cidadáns o teñen claro no goberno municipal de Vigo deberíámolo ter claro tamén.

SR. LÓPEZ FONT: Novamente os concelleiros do Partido Popular, en concreto o vicepresidente da Deputación, non teñen nada que dicir.

Sr. Alonso, os socialistas si imos seguir insistindo na débeda que ten a Deputación provincial con esta cidade. Coincido con vostede nas referencias que se fixeron ó tema do emprego, á parte das que fixen con anterioridade, pero coido que tal e como se está debatendo, esta moción amosa o escaso interese da Deputación por esta cidade.

Sendo as nove horas e corenta minutos, prodúcese unha alteración da orde por parte de varias persoas presentes no salón de Plenos, tendo que pedir silencio en repetidas ocasións a Presidencia. Dado que estas persoas continúan na súa actitude, a Presidencia manifesta que se suspende a sesión durante media hora. Continúase a sesión ás dez horas e sete minutos.

A PRESIDENCIA: Restablecida a orde e a disposición deste lugar para continuar o Pleno, seguimos co debate.

SR. FIGUEROA VILA: Sr. Alcalde, unha cuestión de orde. Gustaríanos saber se o alcalde deu ordes para desaloxar ó público que estaba na sala.

A PRESIDENCIA: Si, o alcalde tomou as medidas que coidou pertinentes para que este Pleno se puidera desenvolver nas condicións normais que a democracia esixe. Algunha outra cuestión de orde?

SR. FIGUEROA VILA: Gustaríame que a secretaria nos informara se isto é ou non legal e que conste en acta que desaloxou a sala.

A PRESIDENCIA: Ten vostede todas as vías legais que considere. Todo o que se fala aquí consta en acta e o que está a dicir vostede tamén.

SR. LÓPEZ FONT: Quero concretar e referirme á débeda histórica que ten a Deputación con esta cidade.

Como dicía na miña anterior intervención, a obra do Colexio Alemán pódese realizar mañá. Non valen escusas, Sr. Figueroa, como na súa última explicación de voto. Por certo, xa lle anticipo que agardo que nesta ocasión non utilice a trécola de reabrir o debate na explicación de voto non tendo utilizado os cinco minutos porque nese caso tamén eu solicitaré a palabra.

A poboación de Vigo significa o 35% da provincia e polo tanto, en relación cos investimentos da Deputación dos últimos anos, se lle deben a esta cidade 100 millóns de euros. Para que os cidadáns o entendan perfectamente, sería como ter a disposición outros dous plans ZP para esta cidade, é dicir, se esta cidade cambiou podería ter cambiado por dous. Isto é o que lle debe a Deputación a esta cidade.

No tema de rutas aéreas a Deputación debe preocuparse por esta cidade e así o pedimos en concreto na moción. Pedimos tres apartados. Un é que o presidente da Deputación atenda de verdade as demandas desta cidade e concrete co alcalde de Vigo como se materializa o investimento deses 100 millóns que lle deben a esta cidade. Segundo, que o estudo iniciado por vostede sobre rutas aéreas nunha mesa o día 22 ou o 23 de novembro, se concrete e que se diga que é o que vai facer a Deputación con respecto ó aeroporto de Peinador e ás rutas aéreas nesta cidade porque senón será unha clara mostra de abandono. Finalmente e nese contexto do relativo ó aeroporto de Peinador, que se subvencione un voo internacional concreto. O alcalde realizou dous pedimentos tanto a Milán como a Frankfurt de 280.000 euros e non se entende pola parte dos vigueses que non se atenda a esta cidade por parte da Deputación provincial de Pontevedra.

Este é o resume de catro anos de marxinación a esta cidade.

(Está ausente a Sra. Díaz Vázquez do Grupo Socialista).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con trece votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis

dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse e Romero Rodríguez, prodúcese empate polo que, de conformidade co artigo 100.2 do RD 2568/1986, do 2 de novembro, efectúase unha nova votación. Ó se acadar o mesmo resultado, decide a votación o Presidente co seu voto de calidade producíndose o seguinte

ACORDO:

Aprobar a moción formulada polo voceiro do Grupo municipal Socialista, Sr. López Font, relativa aos investimentos da Deputación Provincial de Pontevedra en Vigo, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

Explicación de voto do Sr. Figueroa Vila polo Grupo Popular:

A última vez deu tres minutos para a explicación de voto, agora dous. Non sei de canto tempo disporei a próxima vez, supoño que dun minuto.

A PRESIDENCIA: Acabo de facerlle unha consulta á secretaria quen me di que os tempos de intervención de explicación de voto son de dous minutos. Se nalgunha outra ocasión se usou outro tempo, foi un erro do presidente.

SR. FIGUEROA VILA: A explicación de voto do noso grupo está moi clara. En primeiro lugar nos sorprende que o alcalde teña que utilizar o voto de calidade para aprobar algúns temas. Este é un tema moi importante, quero dicir que non ten votos e xa van dous Plenos.

En segundo lugar e con respecto á Deputación, Sr. López Font, non me estraña que vostede interveña cando ten ó carón unha deputada provincial, pero o problema é que o Partido Socialista na Deputación é unha desfeita porque xa non ten nin membros, non ten nin voceiro, xa non interveñen nin nos plenos. Polo tanto non me estraña que vostedes estean totalmente desorientados.

Con respecto ó Bloque, paréceme ben que onde gobernan utilicen todos os cargos e representacións que teñen, como nas deputacións da Coruña e Lugo, e

onde non gobernan critican ás deputacións. É dicir, onde gobernan apoian á Deputación e onde non a critican.

Sr. López Font, nós non intervimos porque onde non gobernan vostedes todo é odio e rancor. Esa é a mensaxe do Partido Socialista. A Deputación está facendo o traballo que ten que facer, o que pasa é que Vigo ten un goberno incompetente que a día de hoxe non cedeu os terreos do Colexio Alemán, dígoo claramente, para facer unha construción de tres millóns e medio de euros de investimentos e desbotaron un investimento de vinte e tantos millóns de euros en Navia, preto de vinte e cinco millóns, porque coma a facía a Deputación non lle interesaba ó goberno da cidade de Vigo.

Con respecto ás rutas aéreas, gracias á xestión da Deputación hoxe o aeroporto de Vigo ten catro voos con Madrid de ida e volta dende o ano 2006 que xa no seu día fixo con Aviaco.

Cando vostedes fagan os deberes que fixo a Deputación poderán falar, de momento o que teñen é unha desfeita.

A PRESIDENCIA: Pode considerar algún grupo que se reabriu o debate. Isto foi máis ca unha explicación de voto. Coida a Presidencia que se reabriu o debate con ataques claros ós grupos que fixeron a proposta e, en elemental lóxica parlamentaria que vexo que vostedes non coñecen demasiado, reábrese o debate. O Sr. Alonso e o Sr. López Font terán un minuto de réplica.

SR. ALONSO PÉREZ: Vou aclarar algo que xa dixen antes e que penso que é importante que coñezan os vigueses e as viguesas.

Quero precisar que non é certo que a Deputación teña 25 millóns de euros para investimentos na cidade de Vigo porque esta é a carta enviada no ano 2009 ó presidente da Deputación dicíndolle que estabamos dispostos a aceptalos. A cantidade era para investimento deportivo.

Agora quero aclarar todo unha vez máis e así hoxe neste Pleno digo que o Concello de Vigo e este concelleiro de Deportes estamos dispostos a sentármonos mañá mesmo coa Deputación de Pontevedra para chegaren a un acordo para o investimento dos 25 millóns de euros.

Por favor, que se deixen de facer publicidade, propaganda e nada de realidade.

Esta carta enviouse en xaneiro de 2009 cando fixo o anuncio o Sr. Presidente da Deputación. En Navia tentábase facer un centro de lecer...

SR. LÓPEZ FONT: Solicito a réplica porque o Sr. Figueroa reabre o debate como sempre e como xa fixo na anterior ocasión.

Sr. Figueroa, co Colexio Alemán poden empezar mañá. Andan enganando ós cidadáns coa trécola da cesión do terreo cando a Deputación xa fixo unha obra en tempos en Alcabre. Iso é o mesmo que teñen que facer. Poden facer perfectamente a obra polo tanto están enganando ós cidadáns e agarda á explicación de voto.

A desfeita é a do seu grupo municipal en contra da cidade de Vigo e dos seus concelleiros que non defenden á cidade.

Evidentemente vostede non contestou. Falou do que fai a Deputación polos voos nacionais, pero non sobre o solicitado sobre os voos internacionais e aínda está pendente de dar unha resposta a esta cidade sobre o comité que creou.

A PRESIDENCIA: En todo caso débolle aclarar ó voceiro do Grupo popular que a non asistencia nestes momentos dunha persoa do Grupo Socialista, D^a Raquel Díaz, débese a unha causa de enfermidade ditaminada por un doutor. Trátase dunha gripe profunda polo que non sei a que veñen as risas porque alguén teña unha gripe seria e leve quince días en cama.

Cando alguén está enfermo coido que é bo manter un certo respecto.

5.3.- (12).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A RECTIFICACIÓN DA ORDE DO 30.12.10 QUE ESTABLECE AS BASES PARA AXUDAS E SUBVENCÍONS PARA O FOMENTO DO EMPREGO. EXPTE. 117/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 20 de xaneiro, número 117/1101, o voceiro do Grupo Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte moción:

“No pleno do mes pasado desde o Grupo municipal Socialista denunciámos a falla de compromiso de Feijóo e do PP cos parados e paradas. Na campaña electoral e no seu discurso de investidura o presidente da Xunta fixo un contrato cos cidadáns no que se comprometía a rematar coa crise e co paro en Galicia en 45 días. Pois ben, dous anos despois está claro que Feijóo non só non cumpriu a súa palabra senón que co PP no goberno autonómico temos o maior número de parados/as da historia, 237.313 desempregados segundo os datos do 31 de decembro de 2010.

As políticas de emprego do PP e de Feijóo son erráticas e o reparto dos fondos para estas políticas de emprego faise para os seus amigos. Así o demostran as axudas e subvencións para o fomento do emprego, a través dos programas de cooperación, publicadas o pasado 17 de xaneiro que os socialistas consideramos indignantes.

Cabe recordar que estes programas para a contratación de parados se levan adiante cos fondos que o Goberno do Estado transfere ás Comunidades Autónomas en función do número de parados e que este ano teñen unha contía superior á de 2010. Quede claro que o que fai Feijóo e o PP é repartilos como queren e a quen queren. O PP está a rizar o rizo e a deixar patente que seguen sendo partidarios dunha política *clientelar* e explico o por que. Para distribuír os fondos destinados á contratación de parados non se ten en conta nin o número de desempregados nin as súas características, só a poboación total do Concello considerando igual a un concello de 20.000 habitantes que a outro de 300.000.

Coma exemplo, a un Concello de 20.000 habitantes correspóndenlle 500.000 euros e a un Concello de 300.000 tamén lle corresponden 500.000 euros. Como se entende que non se teñan en conta parámetros tan determinantes como o número de desempregados? Como a golpe de Orde se pode discriminar ao 60% dos parados galegos que residen en municipios de máis de 20.000 habitantes? Tendo en conta o número de parados e poboación desta cidade, a Vigo lle corresponderían 5.359.293 euros destes fondos, cos que poderían saír das listas do paro máis de 700 persoas.

Pero os agravios non quedan aí xa que para máis escarnio desaparecen desta orde os fondos propios para contratar a mulleres vítimas de violencia de xénero, deixándoas totalmente desprotexidas. E se seguimos afondando nesta orde atopámonos con algo que consideramos aínda máis grave e que volve deixar patente os intereses electorais do PP: a posibilidade de utilizar ofertas especiais coa indicación concreta do candidato. Permítese aos delegados do PP e aos alcaldes do PP pedir ao INEM os parados que eles queiran contratar e que, non o dubidamos, serán os seus amigos.

Feijóo e o PP enganán, menten e non lles importan as persoas desempregadas nin de Galicia, nin moito menos de Vigo, so lles importan os seus amigos, ao resto déixanos tirados. Mentres en Vigo e con Abel Caballero no goberno local nos dous últimos anos xeráronse 11.627 postos de traballo, entre fondos estatais e municipais.

Por todo o dito, o grupo municipal do PSdeG-PSOE solicita ao Pleno da Corporación a aprobación do seguinte acordo:

Instar á Xunta de Galicia a rectificar a orde do 30 de decembro de 2010 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego dado que a consideramos ofensiva por no ter en conta o número de desempregados nin a masa de poboación, prexudicial para as mulleres vítimas de violencia de xénero e inaceptable nos criterios de selección dos desempregados.”

A comisión informativa de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, na súa sesión do 24 de xaneiro, ditamina favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Débese respectar ás persoas, sobre todo cando están enfermas. Cando nalgún outro grupo municipal pasou o mesmo nós respectámolas, pero aquí a falta de respecto é total.

Quero comezar esta moción denunciando a falta de compromiso do goberno do PP na Xunta de Galicia e do seu presidente, Sr. Feijóo, cos parados e paradas de Galicia e de Vigo. Xa o denunciabamos no anterior Pleno porque moito nos temíamos que se ía producir a falcatruada e fixérona. As políticas e o reparto de fondos que fai o PP e Feijóo son para os seus amigos.

Teñen que saber os cidadáns que hai 50 millóns de euros para programas de cooperación. Teríase que ter en conta o número de desempregados e o número de habitantes de cada Concello, pero aquí iso non se ten en conta, en primeiro lugar porque o goberno de Feijóo non pon nin un euro para políticas activas de emprego. Reciben 400 millóns de euros do goberno do Estado para políticas activas, para o 2011 reciben moito máis que para o 2010, pero o que fan é repartir en función dos seus amigos para pagar mocións de censura e para facer a campaña das municipais.

Os cidadáns teñen que saber que o Concello de Vigo con 300.000 habitantes e con 30.000 parados, vai recibir como máximo 500.000 euros, cantidade igual ou menor que a destinada para un concello de 20.000 habitantes. Pódese dar o paradoxo que un concello de 20.000 habitantes reciba 500.000 euros e o de Vigo só 50 ou 100.000. Esa é a atención que lle prestan ós desempregados e desempregadas de Vigo. Tamén vemos no reparto que discriminan ó 60% dos

parados e paradas de Galicia. Mentres que nos concellos do PP se recibirían uns 390 euros por desempregado ou desempregada, nos concellos gobernados polo PSOE só 147 euros.

O reparto de fondos e o feito de non poñer fondos para políticas activas agrávase cando vemos que na Orde do 10 de decembro, publicada en xaneiro, quedan fóra fondos específicos e concretos para contratar mulleres vítimas de violencia de xénero. Pero é máis, entre o delegado ou delegada da Xunta de Galicia e o alcalde ou alcaldesa do Partido Popular van poder pedir ó INEM con nomes e apelidos o candidato ou candidata que queiran, é dicir, non vai ser por mor dunha sondaxe como ata agora.

Feijóo e o PP engánannos. Dicían que nos ían sacar da crise en corenta e cinco días e levan gobernando case dous anos e a realidade de decembro é que Galicia é a comunidade onde máis emprego se destrúe e suma 203.500 parados. Esa é a política do PP e de Feijóo en canto ó desemprego.

Pola contra en Vigo este goberno municipal encabezado polo alcalde Abel Caballero ven creando nestes últimos anos con fondos propios, con fondos do Estado e con investimentos 11.600 postos de traballo. Fai iso con fondos estatais e tamén con programas no propio Concello de Vigo. Esa é unha boa xestión polo emprego na nosa cidade.

Se o goberno do PP, o goberno de Feijóo fixeran un traballo similar hoxe poderíamos falar de menos desempregados e desempregadas na nosa cidade e de que a economía e o emprego estarían mellor.

É unha vergoña que fósemos a comunidade que mellores ratios tiña no Estado cando comezou gobernar Feijóo co PP e que agora sexamos a última comunidade, a que máis emprego destrúe. Ademais vemos todos os días como semella que o goberno anima ós expedientes de regulación de emprego. Realiza polo tanto unha xestión negativa.

SRA. VELOSO RÍOS: Se falamos concretamente destas axudas e subvencións para o fomento do emprego, xa o acontecido o ano pasado non daba moitas esperanzas de que a cousa fose moi ben. De feito un programa que se desenvolvía sempre con persoal contratado a través do programa “Camiña con nós para a igualdade”, de sensibilización entre os máis cativos da nosa cidade

pola igualdade, que fora o mellor valorado pola Xunta de Galicia hai dous anos, que contaba con catro persoas contratadas durante sete meses, neste último ano non se atendeu pola Xunta de Galicia e non se contratou a ninguén para desenvolver este programa que se segue desenvolvendo pero ó cargo da Concellería de Igualdade do Concello de Vigo.

O concelleiro Sr. Rodríguez Díaz xa explicou ben as condicións nas que saíu este ano a Orde á que se referiu.

É curioso que o Partido Popular que está gobernando na Xunta fale tanto dos problemas de paro que provocan o goberno Zapatero e o alcalde desta cidade, “o alcalde do paro” que tanto din, e debe ser para despistar e para que non nos decatemos de que hai un goberno da Xunta de Galicia, un goberno do Partido Popular, que en teoría debería estar aquí para nos salvar, polo menos para nos salvar de todos estes gobernos “ineficaces e inútiles” que destrúen emprego e provocan paro. Pero desgraciada e curiosamente non é así. De feito eu case lle reprocharía ó Partido Socialista que presente unha moción pedindo que se promova a creación de emprego porque con lles pedir que por favor deixen de destruílo quedabamos contentos.

Do que tiñamos que falar é do presidente destrutor de emprego que é o presidente que temos na Xunta de Galicia, do Sr. Núñez Feijóo, porque xa abonda. Collemos titulares de xornais, eses que tamén tanto lles gustan a vostedes, e podemos ver: “Galicia destrúe 278 empregos ó día co paro ó nivel do ano 2000”. “Rematou o ano 2010 cunha taxa de desemprego do 15,7%, a máis alta dos últimos once anos e de novo por riba dos 200.000 desocupados”.

E iso que cada vez hai menos persoas en disposición de traballar no noso país porque se vemos os datos da destrución de postos de traballo entre outubro e decembro, 25.600, non coinciden coa cifra de novos parados, 8.200, porque hai 17.400 traballadores e traballadoras que deixaron de seren considerados activos ben porque se xubiláron, ben porque estaban sen emprego e xa non o buscan.

Galicia é a comunidade que máis emprego destruíu no 2010 con 45.800 postos menos. Esas son as cifras do goberno do Sr. Núñez Feijóo, son as cifras da creación de emprego en Galicia. Realmente agora podemos sentírmonos moito máis tranquilos, podemos xa criticar ó goberno Zapatero, criticar ó goberno desta cidade porque gracias á Xunta de Galicia a situación vai ser moito mellor.

Hoxe mesmo podemos ler tamén nos xornais que a Consellería de Educación reduce a axuda da bolsa de traballo da Formación Profesional de 5 a 2,5 euros ó día. Iso é promover o emprego. Realmente podemos ver que para o futuro imos seguir creando emprego. A Xunta de Galicia subvenciona 9,3 millóns de euros para despezar doce barcos na Mariña provocando a perda directa de 170 empregos. Esas son as medidas que toma o goberno da Xunta de Galicia para crear emprego.

Parabéns e moitos ánimos porque nos podemos quedar tranquilos todos e todas vendo como a Xunta de Galicia vai compensar a destrución de emprego e o paro do goberno Zapatero e do alcalde desta cidade.

Moitas gracias. Continúen así e, para que lles pedir que fomenten o emprego? Por favor, non o destrúan máis e poderemos ir tirando.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Escoitalos a vostedes falar de políticas de emprego é como mínimo sinxelamente moi sorprendente. Non sei como non lles cae a cara de vergoña. Parece que vostedes nunca estiveron no goberno da Xunta de Galicia que deixaron hai pouco máis de ano e medio porque o Partido Popular volveu gañar por maioría absoluta. Será que os cidadáns galegos son parvos e votan ás opcións políticas que peor os poden representar.

Non imos permitir que o Partido Socialista nos intente dar leccións de como crear emprego cando todo o mundo sabe que cando gobernou o Partido Popular en España herdou unha taxa de paro do 22% e deixouna no 11%. Agora, logo de sete anos, volvemos estar no 20% con máis de 4.700.000 parados. En Vigo vostedes herdaron unha taxa do 9% e agora mesmo está xa no 19% de paro. Non sei como non lles cae a cara de vergoña. É a primeira vez na historia da cidade de Vigo que superamos a cifra de 30.000 vigueses que cada mañá se erguen sen poderen ir traballar, moitos deles mozos, a xeración mellor preparada e os mellores formados que non atopan traballo na terra onde naceron e teñen que emigrar porque España é o país con máis paro de Europa.

Non sei como non se lle cae a cara de vergoña ó Sr. Alcalde porque tentou enganarnos a todos prometendo o pleno emprego e tres anos despois o paro creceu na cidade máis dun 70%. Non sei como se atreven o alcalde e o concelleiro a falar de emprego se Caballero é o “alcalde do paro” porque este se

incrementou na cidade en 12.382 persoas máis.

Por moito que se empeñen en tentar botarlle a culpa ó Partido Popular, non se decatán de que os cidadáns non son parvos e de que a xestión na área de emprego foi un verdadeiro desastre no Concello de Vigo. Non sei por que non se aplican o conto de falar de que se o número de desempregados crece tería que crecer tamén o orzamento municipal. Aquí creceu o número de desempregados un 10% respecto ó ano pasado e, Sr. Rodríguez Díaz, o orzamento municipal baixou nun 20% na área de emprego e cargáronse servizos básicos como o Servizo de Atención ó Emprendedor.

Xa non pedimos que aumenten os servizos, que cumpran cos programas de emprego, co Plan Municipal de Emprego que xa á metade de lexislatura fora un auténtico desastre. Sinxelamente lles pedimos que non fagan demagogia co tema dos parados.

Sobre a Orde do 30 de decembro, é absolutamente falso o que vostede está a pedir na moción cuxo único obxectivo é o de sempre, tentar enganar e liar ós cidadáns. É falso porque os criterios de axudas desa Orde son os mesmos que se utilizaban no bipartito, os mesmos que utilizaba D. Ricardo Varela, aquel conselleiro que se veu facer a foto co Sr. Alcalde prometendo 167 millóns de euros para emprego en Vigo que ninguén sabe onde foron.

O ano pasado a Xunta de Galicia destinou máis de 11 millóns de euros para a promoción do emprego en Vigo; 10,5 millóns para cursos de formación e 1,5, entre o que non soubo executar en 2009 máis a anualidade de 2010, en plans de cooperación.

É absolutamente falso que a delegada da Xunta ou os alcaldes do PP lle pidan ó INEM os parados que queren contratar. Sabe que esta excepcionalidade está recollida para vítimas de violencia de xénero, organizacións de persoas con discapacidade... e isto só se autorizou o ano pasado, casualmente, para a GRUMIR de Redondela que a goberna o Partido Socialista.

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Vostede é o concelleiro da mentira. Vou empezar polo que dixo de que non xustificamos cooperación.

Teño aquí documentación con selos de entrada na Xunta de Galicia, documentación de plans xustificados e executados de 2009. Sr. Fidalgo,

infórmese antes de vir aquí porque lle lembro que os contratos de 2010 rematan o 30 de marzo deste ano e polo tanto dificilmente podemos xustificar o que aínda non rematou. O do 2009 está xustificado e executado. Mente ó igual que o fai continuamente o Partido Popular.

Vou empezar polo final porque o tema das vítimas de violencia de xénero é moi sensible. Invito a todos os cidadáns e a todos os xornalistas que lean as ordes do 2009 e 2010 e tamén a que lean a que redacta o Partido Popular. Non é verdade o que vostede di porque sempre había nos orzamentos un fondo específico para mulleres vítimas de violencia de xénero. Agora non o hai. O fondo ó que se refire vostede é para todos os colectivos desfavorecidos en risco de exclusión social. Tamén afirmo que os delegados e delegadas, alcaldes e alcaldesas do Partido Popular pódennlle pedir ó INEM os seus amigos, con nomes e apelidos, para os contratar, non con sondaxes como se facía ata agora. Menten.

Din vostedes que a culpa do paro é de outros, para vostedes a culpa sempre é dos demais. Vostedes non gobernan, ocupan o poder porque gobernar é outra cousa. Din que a culpa de todo o que vai mal é dos demais e, vostedes fan algo? Nada.

Dende que goberna Feijóo o paro en Galicia aumentou en termos relativos nun 14,88%, é a maior subida. En Vigo, gracias ás políticas deste goberno e gracias á procura do pleno emprego por este alcalde, Abel Caballero, os datos relativos do paro están tres puntos por debaixo da media de Galicia, están nun 11,8% debido á xestión deste alcalde quen polo seu peso político é clave para atraer investimentos, en facer plans de emprego nesta cidade e lémbrolle algo que nestes tempos ten moito máis valor: un pacto local polo emprego entre empresarios e sindicatos impulsado e presidido polo alcalde, Abel Caballero.

Cos fondos públicos desta Orde vostedes pagan as mocións de censura, páganlles ós seus amigos e fan clientelismo.

Léolles o seguinte: “Galicia encabeza en decembro o derrubamento da produción industrial de España e acumula catro meses en negativo”. Pensan facer algo con isto á parte de ir a Citroën e saír cun expediente de regulación para todo o cadro de persoal ou ter todos os de Vulcano nun ERE?

(Está ausente a Sra. Díaz Vázquez do Grupo Socialista).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con trece votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Oliveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse e Romero Rodríguez, prodúcese empate polo que, de conformidade co artigo 100.2 do RD 2568/1986, do 2 de novembro, efectuase unha nova votación. Ó se acadar o mesmo resultado, decide a votación o Presidente co seu voto de calidade producíndose o seguinte

ACORDO:

Aprobar a moción formulada polo voceiro do Grupo municipal Socialista, Sr. López Font, instando á Xunta de Galicia a rectificación da orde do 30.12.10 que establece as bases para axudas e subvencións para o fomento do emprego, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

5.4.- (13).- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR REXEITANDO A SUBA DAS TARIFAS DA ENERXÍA ELÉCTRICA, INSTANDO UN PACTO EN POLÍTICA ENERXÉTICA E CONXELAR AS TARIFAS DURANTE O ANO 2011. EXPTE. 114/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 19 de xaneiro, número 114/1101, o concelleiro do Grupo Popular, Sr. Fidalgo Iglesias, formula a seguinte moción:

“O inicio do ano non podía comezar peor para as maltreitas economías dos fogares e das empresas de Vigo. A nefasta política económica do presidente Zapatero esmaga ós contribuíntes con subidas dos bens de primeira necesidade como a luz e o gas, nun histórico 10% e un 4% respectivamente.

Se sumamos esta subida da electricidade á do ano 2010 (7,4%), 2009 (5,4%), 2008 (9%), 2007 (3%) e 2006 (5,3%), pódese afirmar que o recibo da luz subiu mais dun 40% nos últimos catro anos, sen contar coa suba do IVE do mes de

xullo.

É que desde que o goberna o Partido Socialista a luz non parou de subir por encima da media da UE, polo que xa estamos colocados entre os 10 países de Europa coa tarifa eléctrica máis cara. Namentres cando gobernou o Partido Popular entre 1996 e 2004 o recibo da luz baixou un 14,2%.

Esta nova subida da luz é unha mostra máis do fracaso da política enerxética socialista xa que os prexuízos ideolóxicos do PSOE fixeron crecer o déficit tarifario ó primar as enerxías máis caras e empeñarse en impoñer o carbón leonés, con maior custe e menor capacidade calorífica que o importado, que é o que se utiliza nas centrais galegas de As Pontes e Cerceda.

Os vigueses e as viguesas non se merecen este novo castigo do Goberno de España, que se une ó feito de que os prezos subiron de media un 3% no ano 2010, o que vai facer que a deste ano sexa a “costa de xaneiro máis empinada da historia”.

E todo isto co agravante da baixada dos salarios, a conxelación das pensións, a subida de impostos, da gasolina e a supresión dos incentivos fiscais á compra de vivenda, do cheque bebé e da axuda de 426 euros ós desempregados de longa duración.

O Partido Popular de Vigo valora esta subida como un enorme prexuízo á capacidade adquisitiva de fogares, autónomos, empresas e PEMES, por iso consideramos que é necesario un gran pacto en política enerxética que aporte estabilidade a un dos factores de competitividade máis importantes para a nosa economía, como é a do custe da enerxía.

Polo exposto anteriormente, o Grupo Municipal do Partido Popular propón ao Pleno da Corporación do Concello de Vigo que adopte os seguintes acordos:

- 1.- Manifestar o seu rexeitamento á subida unilateral acordada polo goberno de España na Resolución que establece o custo de produción de enerxía eléctrica e as tarifas de último recurso a aplicar no primeiro trimestre de 2011.
- 2.- Instar ao Goberno de España a alcanzar un gran pacto en política enerxética que permita acometer unha reforma integral do sistema eléctrico de forma que non sexan os consumidores os que teñan que pagar a factura da aposta polo carbón nacional e que tanto prexudica aos intereses de Galicia.
- 3.- Instar ao Goberno de España a conxelar o recibo da luz durante o ano 2011, xa que a electricidade é un ben de primeira necesidade que afecta directamente a toda a poboación, así como á competitividade das nosas empresas e, por tanto, ás súas expectativas de creación de emprego.”

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 24 de xaneiro, ditaminou favorablemente a anterior moción.

O concelleiro do Grupo Popular, Sr. Fidalgo Iglesias, procede a ler o texto da moción que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

DEBATE.- SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Temos que dicir que efectivamente coincidimos nalgunhas cousas que se acaban de expoñer nesta moción, pero non coincidimos precisamente co Partido Popular porque propicia que isto sexa así.

Sabemos que na actual situación económica chegar ó final do mes convértese nunha auténtica proeza para moitas familias de vigueses e viguesas. Así vemos como na Concellería de Benestar temos que dobrar as axudas en bolsas de comedor, ou as axudas de emerxencia para alimentos, para alugueiros ou para pagar recibos. Fíxense vostedes se estamos en mala situación económica que de 680 axudas de emerxencia que demos o ano pasado, pasamos a 1.182 porque temos a 6.000 familias por debaixo do nivel da pobreza. Pero esas familias teñen historia e eu traio aquí unha historia anónima para que vostedes vexan a que familias lles subimos o recibo da luz e o da auga.

Familia composta pola nai, dúas fillas e dúas netas pequenas. Ningún dos membros da unidade familiar teñen posibilidades de traballar e non teñen dereito a subsidio, os únicos ingresos que teñen proceden dunha PNC. A familia precisa apoio porque non conta con recursos económicos suficientes polo que se procede a dar esta axuda dun total de 300 euros para saír do grave apuro económico.

Esta é a realidade. Non estamos facendo demagogia cando dicimos que asinamos todos os días cheques destas características dende este Concello. Vemos a realidade social que pende sobre as familias viguesas, aquelas que teñen menos recursos. É a esta xente á que se lle sobe a luz e o gas.

Esta decisión adoptouse polo goberno do PSOE nunha demostración máis da súa política antisocial que está ó ditado das grandes eléctricas. Foi o Sr. Zapatero quen por activa e por pasiva dixo que a crise non a pagaría a maioría social.

Esta medida é dobremente lesiva para Galicia porque ademais nola aplican en función do decreto do carbón. O 30% do que imos pagar do recibo das eléctricas é polo decreto do carbón que deixa a moita xente sen emprego, a máis de mil persoas sen emprego pola parálise das centrais térmicas galegas. Ademais compre lembrar que Galicia é produtora e ten excedentes de enerxía eléctrica,

temos enerxía eólica, térmica e hidráulica pero por desgracia os beneficios nunca repercuten porque non temos autonomía financeira.

Ademais temos as pensións máis baixas de todo o Estado, é aquí onde as políticas do Partido Socialista do goberno central e as políticas do PP estannos a afectar.

Faime gracia, señores do Partido Popular, que sexan vostedes os que presenten esta moción. Lémbrolles que precisamente foi unha lexislación promovida no ano 97 polo goberno do Sr. Aznar e por iso non entendemos o que están a facer vostedes. Ademais non apoiaron unha iniciativa do BNG nas Cortes e no Senado para ir na contra deste decreto. Alí votaron si.

Ademais, que falan vostedes se pola Lei de augas nos acaban de meter un canon subindo un 300% que vai afectar igualmente a todas as economías dos que menos recursos teñen? Puxeron un coeficiente pola vertedura e o canon da auga. Esta é a política que o Partido Popular está aplicando na Xunta. Estas son as políticas que saben aplicar o Partido Popular e o Partido Socialista, políticas anti-sociais e dirixidas contra da xente que menos ten.

Por iso o BNG oponse ó forte incremento da luz, da auga e do gas. Por iso tamén presentamos unha emenda á moción do Partido Popular que xa está no seu poder. Agardemos que polo ben de todos a acepten.

SR. LÓPEZ FONT: Sr. Fidalgo, voulle dar un consello: non utilice a expresión de “caer a cara de vergoña” porque ó único que se lle debería caer a cara de vergoña é a vostede polo seu esvarón da semana pasada ó diciren que non se xustificaran 800.000 euros e, como lle dixo o concelleiro de Emprego, aquí están xustificadas. Vaia esvarón, a vostede si que se lle debería caer a cara de vergoña. Esta é unha das mocións que ó meu entender chamaríamos “carta ós Reis Magos” porque é así a nova política do Partido Popular pola que quere establecer os prezos da luz, coido que a poderían estender a outros ámbitos e propoñernos ó Pleno do Concello de Vigo como se deciden os prezos de absolutamente todo. O goberno de España o único que pretende con estas medidas é paliar o déficit que comezou co Partido Popular. Como se dicía antes, isto comezou cunha hipoteca que o goberno de Aznar no ano 97 meteulles ós cidadáns deste país. Os cidadáns deben saber que a diferenza á hora de pagar o recibo da luz é que

custa máis producir a enerxía que o que se paga. Esa subvención, Sr. Fidalgo, comezárona vostedes co goberno de Aznar. Coido que no Partido Popular deben dicir dunha vez por todas o que farían de gobernaren porque o Sr. Rajoy empezou nun medio de comunicación a dar por fascículos as medidas que levaría a cabo no caso de gobernar e eses fascículos tívoos que parar porque en canto dixo que serían idénticas ás do Plan Cameron, o país asustouse.

Nós imos votar a favor da moción porque os socialistas, de aquí e os do goberno de José Luís Rodríguez Zapatero, tamén estamos a favor de que cando se poida se baixen os prezos da luz. Hai que dicir todo, hai que dicir que o que pretende o Ministerio de Industria con estas medidas é garantir a sostibilidade económica con medidas de aforro para os próximos tres anos. Pero vostede non di que mediante a ampliación do bono social ata finais de 2013, tamén garante que máis de cinco millóns de fogares en España non teñan incremento da luz. Vostedes menten cando só se refiren ós últimos incrementos e non mencionan as subidas que propuxo e como hipotecou o goberno do Sr. Aznar. Aí é onde está a base das medidas que tivo que tomar este goberno.

Deben saber os cidadáns que en España se paga por electricidade un 41% menos que en Dinamarca, un 30% menos que Alemaña e un 24% menos que en Italia. Pero aínda me sorprende máis cando fala vostede da costa de xaneiro, desa costa dramática á que vai someter ós cidadáns o goberno do Estado. E o goberno da Xunta, Sr. Fidalgo? Non dando a gratuidade dos libros de texto, reducindo os orzamentos de Educación, reducindo seiscientos profesores, caendo o investimento en infraestrutura do 40 ó 20%... Deberíalles caer a cara de vergoña por teren o maior récord de paro en toda a historia de Galicia. Debe comparar as cifras de desemprego. O que están facendo vostedes na Xunta de Galicia si que son recortes.

Pero tamén lles imos votar a favor a moción por unha cuestión na que vostede incide pomposamente e fala de pacto de Estado enerxético. Cando o goberno do Estado propuxo un pacto enerxético vostedes, como sempre, deron a volta. Sr. Fidalgo, cando volva propoñer novamente e por segunda vez o ministro de Industria un pacto de Estado sobre a enerxía, pensan facer vostedes o mesmo que fixeron co pacto das pensións? É esa a súa forma de contribuír á estabilidade económica? Creo que o importante é que o goberno está tomando medidas

económicas para que tamén no sector eléctrico se poida ir harmonizando a situación

Pero sobre todo deben saber os cidadáns que os males que temos actualmente neste sector proveñen do ano 2000 cando o goberno de José M^a Aznar hipotecou gravemente ós cidadáns deste país.

A PRESIDENCIA: Sr. Fidalgo, por favor, lémbrese de se pronunciar sobre a emenda que presentou o BNG e que se lles repartiu ós grupos.

Deseguido a Presidencia procede a ler o texto da emenda formulada polo Grupo Municipal do BNG que se transcribe deseguido.

SR. FIDALGO IGLESIAS: En primeiro lugar quero felicitar ó Partido Socialista por se engadir á nosa moción, aínda que sexa un ataque á política enerxética do Sr. Zapatero, porque non pide máis que non se lle suba máis a luz á xente porque a luz é un ben de primeira necesidade.

A cousa está moi clara, esta é a subida máis alta dende 1983. Entre 1996 e 2004, cando gobernaba o Partido Popular a luz baixou un 14% e dende que chegou Zapatero a luz subiu máis dun 50%. Estamos falando do recibo da luz que padecen todas as persoas, todos os comercios e todas as empresas. Non nos contem contos.

Sr. López Font, gracias a Deus eu non necesito dos seus consellos. O que pasa é que algún non pagaba a luz e por iso nunca lle subía de prezo.

É un escándalo o tema da luz porque non só lla soben ós ricos, sóbena ós parados, ós pensionistas, ós traballadores, a todo o mundo. É un escándalo e unha tomadura de pelo que o ministro Sebastián diga que esta subida é pouco máis ca un café ó mes. Coma é que o secretario de Estado de Economía, Sr. Campa, diga que hai que lle quitar dramatismo á subida da luz porque a luz só supón un 2,5% na cesta da compra. 2,5%, para quen?

É un escándalo que con esta subida da luz teñamos que pagar os 200.000 euros que cobra ó ano D. Felipe González por estar sentado como conselleiro no Consello de Administración de Fenosa. O Sr. González é conselleiro de Gas Natural-Fenosa e pagámoslle 200.000 euros. Como tamén é un escándalo que o

Sr. Zapatero faga primeiro bandeira das enerxías renovables, diga que a terra é do vento, pero que logo saque un real decreto para subvencionar o consumo do carbón de León para non pechar as minas da súa terra. Anticipolles que esta tampouco vai ser a última subida da luz deste ano.

Respecto á emenda estamos falando da subida da luz. Se queren presenten unha moción sobre o canon da auga e falaremos. Non a aceptamos.

Emenda formulada por escrito de data 7 de febreiro, pola voceira do Grupo do BNG, Sra. Méndez Piñeiro:

Engadir un cuarto apartado que diga:

Instar ao Goberno da Xunta de Galicia a modificar a Lei de augas de xeito que, de ningunha maneira, supoña un incremento da carga impositiva na situación actual de crise.

O asinante da moción non acepta a emenda formulada pola voceira do Grupo do BNG transcrita anteriormente polo que non se somete a votación.

(Está ausente a Sra. Díaz Vázquez do Grupo Socialista).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con vinteún votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do PP, Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse e Romero Rodríguez e cinco abstencións dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Fidalgo Iglesias, de amosar rexeitamento ao Goberno do Estado pola suba das tarifas eléctricas, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

INTERVENCIÓN DA SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Explicación de voto, Sr. Presidente.

A PRESIDENCIA: Se xa interveu non pode explicar voto, Sra. Méndez. Sr. Domínguez Olveira, a explicación de voto procede cando non se intervén. Non quero pedir a interpretación da secretaria pero a explicación de voto é cando non hai intervención e polo tanto se pode intervir para explicar voto. Cando houbo intervención suponse que nesa intervención o grupo xa tomou posición e polo tanto non procede explicación de voto. É pura aplicación do Regulamento. Laméntoo.

5.5.- (14).- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR DEMANDANDO DO GOBERNO DE ESPAÑA O MANTEMENTO DO PROGRAMA TEMPORAL DE PROTECCIÓN POR DESEMPREGO E INSERCIÓN. EXPTE. 111/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 19 de xaneiro, número 114/1101, a concelleira do Grupo Popular, Sra. García Míguez, formula a seguinte moción:

“Recentemente o Goberno socialista anunciou a supresión da axuda de 426€ destinados a parados de longa duración (Programa temporal de protección por desemprego e inserción).

Este recorte supón, en última instancia, que a clase máis desfavorecida da cidadanía é a que vai pagar en primeira persoa a improvisación e incapacidade dun Goberno sen rumbo nin planificación.

O Goberno socialista xustifica este recorte na necesidade de aliviar o gasto público; sen embargo, a política de malgasto que levou a cabo nestes últimos anos o goberno de Zapatero obríganos a pagar agora uns intereses pola débeda moi superiores ao custe total do Programa temporal de protección por desemprego e inserción (PRODI).

Así mesmo, a supresión desta axuda supón retirar o seu único ingreso a familias que contan unicamente con esa renda de subsistencia para se manter e sobrevivir e o momento que se escolle para isto é o máis inoportuno, xa que o número de persoas que necesitan desta axuda para sobrevivir crece exponencialmente.

Retirar esta medida vai facer que máis de 600.000 persoas en España se vexan nunha situación límite e loxicamente veranse obrigadas a pedir axudas ós concellos, que están ó borde da quebra económica.

Por todo isto, o Grupo municipal popular somete á consideración do Pleno a aprobación do seguinte acordo:

Instar ó Goberno de España a manter o Programa temporal de protección por desemprego e inserción, coñecido popularmente como a axuda dos 426 euros mensuais, para os desempregados que esgotasen todas as súas prestacións."

A comisión informativa de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, na súa sesión do 24 de xaneiro, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SRA. GARCÍA MÍGUEZ: Sorpréndenos enormemente, Sra. Méndez, que na súa interior intervención comentase un caso dunha situación complicada pola que están pasando cidadáns na nosa cidade porque nos orzamentos desta cidade do ano 2011 na Xunta de Galicia 3 de cada 4 euros adícanse a política social. En troques no Concello de Vigo o orzamento deste ano 2011 non só se reduciu, senón que se adica un 0,25% de cada 4 euros a política social. Vostede sabe que se reduciu e sabe que a cantidade que se adica a benestar social é mínima. O mellor reflexo dunha política social é o orzamento, reflíctese no diñeiro.

Sorprendeunos enormemente que a axuda do PRODI de 426 euros nunha semana pasouse a anunciar que se anulaba esa axuda. Nunha semana deciden poñer 350 euros e de súpeto quítanos; ós dous días deciden poñer 400 euros e tres días logo poñen 399,38 euros. Estanse a rir dos cidadáns españois, galegos e dos da nosa cidade.

En Vigo hai 9.000 familias galegas que dependen desa cantidade de diñeiro, dese programa temporal de atención. Vostedes deciden un día unha cousa, outro día outra. Non se decatan de que esas persoas necesitan ese diñeiro para mercar o pan, o leite e para vivir minimamente? Porque 426 euros dan para pouco, pero están dun día para outro cambiando constantemente esa cantidade de diñeiro. Son 600.000 persoas en España as que tiveron que estar pendentes dos xornais durante unha semana polos seus constantes cambios de decisións, polos seus

vaivéns.

Poñen os 2.500 euros para axuda ó nacemento e á adopción e logo os eliminan. Poñen os 400 euros de dedución para todos, non esquezan que foi a promesa estrela do goberno do Sr. Zapatero en campaña electoral, e nun ano a quitan e ademais hai que os devolver. Poñen o cobramento para os dependentes dende o momento no que o solicitan e logo elimínano.

Conxelan as pensións de xubilación. Os nosos maiores cobran o mesmo que no ano 2010 cando se incrementou enormemente a cesta da compra. Conxelan os salarios dos funcionarios para o ano 2011, ademais da redución do ano 2010. Reducen o apoio ó pobo xitano, eliminan a dedución de vivenda, a axuda estatal para a compra de vivenda protexida, soben o IVE ó 18%, soben a luz o 10%.

Na nosa Comunidade Autónoma o Sr. Núñez Feijóo non deixa de explicar ós cidadáns que si é certo que se deben os 2.600 millóns de euros da Xunta de Galicia que agora temos que pagar, que hai oito comunidades autónomas que teñen que pagar unha débeda e que o Sr. Feijóo solicitou con esas outras oito comunidades autónomas, moitas delas socialistas, que se aprace ó pagamento da débeda ó que o goberno central dixo que non sabendo a situación que estamos a vivir. O goberno central prometeu pagar o 50% da dependencia e só está pagando o 25% co que a nosa comunidade autónoma ten que pagar o 75% de axuda ós dependentes. En canto ó desenvolvemento do financiamento autonómico, a Xunta mantén perante Facenda a reclamación de 243 millóns de euros do Fondo de Cooperación que aínda ten que cobrar.

Mentres o Estado reduce as axudas de vivenda, a Xunta increméntaas. Mentres o Estado reduce nun 17% o orzamento en dependencia a Xunta, Sra. Méndez, aumentouno un 3%, non o reduciu. Vostedes están no Parlamento de Galicia e saben moi ben que se aprobaron dúas emendas polas que se aumentou nun 3% a axuda á dependencia, exactamente igual que se incrementaron as pensións non contributivas e exactamente igual as axudas de emerxencia, en máis de 600.000 euros.

Pero a realidade é o orzamento de seu, o orzamento socialista e do Bloque no que dedican unha miseria a política social. Así nos vai. Agora siga lendo as penas dos demais.

SRA. VELOSO RÍOS: Abstivémonos na moción anterior porque é unha mágoa que todas estas cousas que lle piden ó goberno Zapatero non llo pidan vostedes ó propio goberno da Xunta o que sería en verdade moito máis útil porque a Xunta ten competencias e debería estar facendo moitas cousas que non está facendo.

Falaba vostede dos orzamentos de Benestar Social e fala das axudas da Xunta de Galicia e dos orzamentos deste Concello. No orzamento deste Concello atopámonos cun orzamento para servizos sociais que dun 2% aumentamos a un 4%, dobrando axudas de emerxencia e as bolsas de comedor.

Mentres nos atopamos cunha moción na que se di que retirar esta medida vai facer que máis de 600.000 persoas en España se vexan nunha situación límite e “loxicamente veranse obrigados a pedir axudas ós concellos que están ó bordo da creba económica”. Evidentemente, porque non vai ser a Xunta quen lles axude, iso xa o sabemos, xa sabemos que da Xunta non reciben tampouco axudas e os concellos tampouco recibimos axudas da Xunta de Galicia.

Atopámonos con axudas autonómicas como a RISGA e con que, efectivamente, se aproban emendas nos orzamentos porque a propia Xunta de Galicia tivo que se auto-emendar porque conxelara a partida para RISGAs e como por lei as ten que conceder, tivo que se auto-emendar para aumentar esa partida porque senón non lles daba para pagar.

Reduciron os salarios da liberdade, eliminan a gratuidade dos libros de texto e vemos como 130.000 alumnos e alumnas se teñen que pagar agora os libros de texto e mercar libros de texto novos porque non valen os que estaban nun idioma, por certo, co-oficial nesta comunidade autónoma; reducen os comedores escolares e substitúenos por “bocatas”. Efectivamente, esa é unha medida que axuda moito á xente que está no paro e que xa non cobra os 426 euros.

Tamén reducen as axudas das mariscadoras a pé porque a Consellería do Mar, que se está a gastar máis de 3 millóns de euros en propaganda, pode reducir 350.000 euros de axudas a mariscadoras a pé. Efectivamente.

Fronte todas estas reducións de axudas por parte da Xunta de Galicia atopámonos coa austeridade do goberno Feijóo, atopámonos con 6 millóns de euros de publicidade para empresas de fóra de Galicia para o ano Xacobeo, entre elas 100.000 euros para D. David Meca lucindo os plátanos de Canarias, 4,5 millóns de euros para os voos no verán á empresa de Josep Piqué, propaganda do

Decreto do plurilingüismo mentres 130.000 alumnos e alumnas teñen que mercar os libros; a visita do Papa cuxo retorno económico o propio goberno da Xunta foi incapaz de calcular e así o recoñeceu no Parlamento. Propaganda e máis propaganda e, por certo, sen unha triste axenda por parte da Xunta, menos mal que para iso tamén está o Concello. Esta é a realidade.

Nós votamos a favor disto, era un punto da nosa moción. Non como vostedes que na súa moción presentan unha emenda, pero se non se lles admite completa non porque son emendas e mocións puramente oportunistas, electoralistas e partidarias. Non teñen ningún interese real en mellorar a calidade de vida da xente e en garantir o estado do benestar. Isto estano demostrando cada día na Xunta de Galicia onde arrasan co estado do benestar todos os días coas súas decisións.

Non veñan agora aquí dármonos leccións cando o orzamento de D^a Corina Porro para axudas sociais estaba moi lonxe do que hai actualmente e cando a Xunta de Galicia está facendo o que está a facer.

Por favor, esfórcense un pouco máis tamén en pedirilles ós seus que garantan ese estado do benestar que tanto din defender, que non defenderon cando gobernaban en Madrid e que non defenden agora que gobernan en Galicia.

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Estaba revisando o texto da moción e pensaba que realmente a ían retirar. Logo decateime que o que menos interesaba era falar da moción senón que falar de calquera outra cousa.

Comezarei por algunha das cousas das que falou a Sra. García Míguez. En primeiro lugar falou do cheque-bebé, dos 400 euros de dedución e da Lei de dependencia. Téñolle que dicir que o Partido Popular estivo en contra de todas estas medidas, é máis, a Lei de dependencia onde máis atraso leva na súa aplicación é nas comunidades autónomas onde goberna o PP porque non cren nela, nin queren gastar un euro en atender ás persoas con dependencia. Estiveron tamén en contra dos 420 euros para as persoas desempregadas que deixaban de cobrar axudas.

Pero o máis grave, Sra. Míguez e señores do PP, é que nunha xuntanza entre o ministro de Traballo e os conselleiros e conselleiras de Traballo das distintas comunidades autónomas, ofertóuselles pagar ese diñeiro a través das

comunidades autónomas poñendo os cartos o goberno central e vostedes aquí, mediante declaracións de Feijóo e da conselleira, dixeron que non. Menos mal que alguén debeu ter unhas poucas luces e ó final vaise facer, vostede mesma recoñecía, vaise pagar o 75% do IMPREM que son 399,38 euros ó mes a todos aqueles que reúnen os requisitos e ademais ó facelo o Estado vaise facer con criterios obxectivos. Do faceren vostedes serían con criterios de clientela como fan sempre.

Pregúntolles novamente, onde están os cartos para atender ós desempregados e desempregadas de Vigo? Diso é do que se teñen que preocupar. Que fan vostedes para que a Comunidade autónoma de Galicia teña agora mesmo os desempregados que ten? É a comunidade autónoma que máis desempregados ten de toda España: 237.313 desempregados son os que teñen Feijóo e o PP en Galicia, 30.000 deles en Vigo.

Cando se fala dos 420 euros aquí ninguén se ri dos cidadáns que afortunadamente son moi sabios e saben que se lles atenden. O alcalde, o socialista Abel Caballero, xa leva dous anos poñendo en marcha medidas precisamente para esta xente, tal e como a que sae agora de 399,38 euros a través dun programa do Fondo Social Europeo, polo que o 80% das mulleres e dos homes que adquiriron formación, que están a facer o seu itinerario formativo, que se están inserindo, cobraron durante o período da súa formación 399,38 euros dende hai dous anos. Fíxense se o alcalde, o socialista Abel Caballero, sabe e se preocupa do emprego, xa se anticipou hai dous anos poñendo medidas destas en marcha que benefician a 501 mulleres e homes. Iso é o que facemos dende este goberno municipal.

Cando veñen vostedes con esta moción dicindo que de novo se poña en marcha, como non se decatán de que xa se están poñendo en marcha medidas que se acordaron entre sindicatos, empresarios e goberno central? Por que non se aplican o conto vostedes aquí en Galicia en troques de recortar nos seus orzamentos?

Voulles poñer un exemplo a vostedes que van de campións. Nos seus orzamentos retiraron o 100% das axudas para a contratación indefinida de discapacitados, fixeron un 74% de recorte para a contratación indefinida de discapacitados. Esa é a súa política social, como a de recortar en escolas-taller, casas de oficios que

perciben un salario, o 61% para poder formar a mozos e mozas.

En definitiva, o alcalde deste goberno municipal, Abel Caballero, é o alcalde que favorece a economía e o emprego desta cidade e por iso temos uns datos mellores que en Galicia. O PP e Feijóo son os señores do desemprego.

Deixen xa de crear desemprego na nosa cidade e polo menos póñanse a tentar facer algo.

SRA. GARCÍA MÍGUEZ: Na nosa cidade, Sr. Rodríguez Díaz, os que crean desemprego son vostedes con mil parados máis só nun mes, 33 parados ó día. Dende que vostedes gobernan hai 12.000 parados máis. A cifra é alarmante. Dixo vostede que o alcalde é xerador de emprego, tería que poñer o cartel de pleno emprego porque maio está aí e xa remataron os catro anos de goberno. Era a súa promesa ó igual que as corenta e sete garderías, que os centros de discapacitados, a biblioteca do Estado, o albergue que aínda estamos á espera, 6.000 vivendas protexidas, igual que o demais. Vai chegar o mes de maio e o pleno emprego vai ser outra mentira máis do alcalde desta cidade.

Non nos veñan dar leccións sobre o que temos ou non que facer. Nós non somos os que gobernamos na cidade de Vigo, Sr. Rodríguez Díaz, son vostedes.

Tampouco pechamos o Servizo de Atención a Emprendedores. A súa política de creación de emprego é pechar o Servizo de Atención a Emprendedores ou o Servizo de Orientación Laboral? Que van facer para xerar emprego na cidade se pechan os servizos que fomentan, informan, asesoran e axudan ós cidadáns que non teñen nin idea? Se ven unha señora que quere montar unha mercería e non sabe como o facer, quen llo vai explicar neste Concello? O concelleiro responsable? Porque non temos ese servizo agora mesmo na cidade con 1.000 parados máis só nun mes, cun 0,25% de orzamento en materia social e tamén cunha redución dun 20% en emprego, non só en benestar social ou en igualdade. A situación que estamos a vivir na nosa cidade é absolutamente caótica, amosa o malgasto. Por certo Sra. Veloso, non sei se sabe que os 600.000 que se lle pagaron a Vueling foi polo goberno da nosa cidade, non os pagou un goberno do Partido Popular, foi un goberno do PSOE e do Bloque. Igual non o sabe, pregúntello ó alcalde a ver se lle informa pero foron vostedes quen lle pagaron ó Sr. Piqué e á empresa Vueling os 700.000 euros podendo saír máis barato e só

por unha foto para ter un voo Vigo-Londres.

0,25% en materia social neste Concello fronte ós 3 de cada 4 euros da Xunta de Galicia, esa é a súa política social e o seu mellor exemplo.

(Está ausente a Sra. Díaz Vázquez do Grupo Socialista).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con dezaoito votos a favor dos membros do Grupo municipal do PP, Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse e Romero Rodríguez, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro e Veloso Ríos, e oito votos en contra dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada pola concelleira do Grupo municipal do Partido Popular, Sra. García Míguez, demandando do Goberno de España que se manteña o Programa de protección de desemprego e inserción, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

6.- ASUNTOS URXENTES.

6.1.- (15).- MOCIÓN DO GRUPO DO BNG REXEITANDO AS PRETENSÍONS DO ESTADO DE PRIVATIZAR OU BANCARIZAR A CAIXA GALEGA. EXPTE. 121/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 26 de xaneiro, número 121/1101, a voceira do Grupo do BNG, Sra. Méndez Piñeiro, formula a seguinte moción:

“Ao tempo que se está a iniciar a andaina da nova caixa de aforros galega, logo

de acometer un proceso de integración que conta cun alto grao de consenso dos axentes sociais de Galicia, e que ten por obxectivo primordial seguir dotando a Galicia dun instrumento financeiro solvente ao servizo da economía do país, o Goberno Central vén de formular unha proposta de reforma do sistema financeiro que avanza cara á privatización das caixas de aforro e implica unha mudanza substancial de dito proceso e aboca a “Novacaixagalicia” a transformarse nun banco privado.

A decisión do Goberno Central non ten fundamentos técnicos ou económicos, é exclusivamente política, e ten coma orixe a absoluta subordinación do Goberno do Estado aos intereses do capital financeiro. Constitúe un chanzo máis no proceso de consolidación do capital financeiro, auténtico detonante da actual crise económica polas súas prácticas especulativas guiadas por un afán de obter enormes lucros por riba da evolución da economía real, e que agora quere saír reforzado incidindo claramente no sistema público de pensións e nas propias caixas de aforro.

O BNG vén advertindo do deseño adoptado polo Goberno Central, consensado co PP, que fomentaba a desterritorialización, bancarización e privatización das caixas de aforro, plasmando tanto na creación do Fondo de reestruturación ordenada bancaria (FROB), como na aprobación dunha reforma *express* da normativa ordenadora dos órganos reitores das caixas de aforro, que serven de marco xurídico de referencia no cal se sustenta agora a nova reforma deseñada polo Goberno Central.

Perante iso, o BNG promoveu unha reforma da Lei de caixas de aforro de Galicia cuxa finalidade é a de colocar o aforro galego ao servizo do tecido produtivo do país e ademais defendemos desde o primeiro momento a fusión galega como ferramenta clara do reforzo e blindaxe do sistema financeiro galego. Mais agora, ese resultado de contarmos cunha única caixa de aforros galega está en cuestión, certamente por unha repentina actuación unilateral do Goberno Central e do Banco de España, mais tamén polo amparo que lle outorga o marco xurídico deseñado logo dos cambios legais que, consensados polo PSOE e PP, foron acometidos ao longo dos últimos dous anos.

Galicia non pode ficar impasíbel perante a tentativa de quedar sen unha caixa de aforro que se encargue de nutrir o financiamento necesario para o tecido produtivo do país, onde as empresas e emprendedores galegos obteñan os recursos precisos para facer viábeis os proxectos que crean valor, riqueza e emprego en Galiza.

A privatización da nosa caixa galega significaría a desaparición dun sistema financeiro galego propio. Sen dúbida, constituiría unha apropiación indebida da caixa de aforro galega aos seus lexítimos propietarios, ás institucións e impositores, para permitir a absorción do aforro galego polos poderes financeiros alleos a este país. Alén diso, a privatización das caixas de aforro non vai resolver a crise económica actual, senón que pola contra vaina agudizar ao reforzar máis o poder do capital financeiro privado en detrimento das maiorías sociais que se sumirán nunha fonda crise social.

No BNG estamos convencidos que é o momento de defender os intereses de Galicia, reclamando tamén ao presidente da Xunta de Galiza que se poña ao fronte da contestación do deseño dun novo mapa financeiro que non respecta nin a galeguidade, nin a vocación social da nova caixa de aforros galega, e faga valer o consenso acadado na sociedade galega a prol dunha caixa de aforros que cumpra dun xeito efectivo o seu papel social de contribución ao impulso da economía produtiva do país.

Polo o exposto, o grupo municipal do BNG, solicita do Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

- 1.- Rexeitar frontalmente as pretensións do Goberno do Estado de privatizar e bancarizar a nosa caixa galega (Novacaixagalicia).
- 2.- Solicitar do Goberno do Estado a retirada do denominado "Plan de reforzamento do sector financeiro" no que atinxe ás caixas de aforro.
- 3.- Reclamar do Goberno da Xunta de Galicia a que defenda as competencias estatutarias de Galicia, actuando decididamente para evitar que o proceso de reestruturación das caixas de aforro galegas leve aparelada a entrada de capital privado nos seus órganos de decisión e a transformación nun banco privado.
- 4.- Expresar o compromiso inequívoco en manter o vixente modelo de caixas de aforro, con vocación social e vinculación territorial e demandar dos Gobernos central e galego que eviten calquera tentativa para que as caixas de aforros sexan alleadas en favor da banca privada e do capital financeiro."

Sendo as once horas e dezaseis minutos a Presidencia interrompe a sesión para que os voceiros dos grupos municipais poidan ler o texto da moción do Grupo Municipal do BNG, cuxa copia xa fora entregada no anterior Pleno de data 31 de xaneiro. As once horas e vinte minutos continúaase a sesión plenaria.

DEBATE DA URXENCIA.- A PRESIDENCIA: Procedemos coa fixación das posicións dos grupos mediante quenda dun minuto sobre a aceptación da urxencia para logo, no caso de seren aceptada, proceder ó debate da moción.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Presentamos esta moción vía urxencia xa no anterior Pleno por unha razón moi clara. Pensamos que nestes momentos hai un debate social importante, unha decisión que é a nova reestruturación e o novo plan ó que se lles quere someter ás caixas de aforro que, dende o noso punto de vista, incide moi negativamente sobre o futuro financeiro de Vigo e de Galicia en xeral.

Parécenos que é un tema de suficiente actualidade e urxente para que se debata no Pleno desta Corporación.

SR. LÓPEZ FONT: Como Grupo municipal Socialista aceptamos a inclusión desta moción coma urxente, unha vez que tivo a iniciativa o Bloque Nacionalista Galego, coa intención de clarificar a posición de cada grupo municipal sobre este asunto.

É verdade que o goberno do Estado nas últimas datas está tomando posición sobre o equilibrio económico-financeiro das caixas de aforros e é bo que os tres grupos teñamos a nosa posición aquí, tendo en conta que sobre este tema e sobre a súa incidencia na fusión de caixas de Galicia xa se realizaron tres Plenos neste Concello.

SR. FIGUEROA VILA: Imos aceptar a urxencia porque nos parece un tema importante para tratar o Pleno desta Corporación, sobre todo cando hai un mes e medio o Banco de España puxo unhas condicións que foron aceptadas polas caixas e agora o goberno de España parece que quere que Galicia quede sen caixas.

Diante dun ataque, dun acoso como o que se está a producir dende o goberno de España, parécenos ben que a Corporación deste Concello se pronuncie sobre a gravidade da situación e sobre todo cando se está cambiando de opinión continuamente.

Aquí alguén mentiu e enganou. Supoño que no debate entraremos no fondo do tema pero o que está claro é que había unha primeira fase cun obxectivo: que Galicia se quedase sen caixas. Salvouse esa primeira fase e agora hai unha segunda.

(Está ausente a Sra. Díaz Vázquez do Grupo Socialista).

VOTACIÓN DA URXENCIA.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, ó se acadar a maioría absoluta esixida polo artigo 51 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local aprobado por real decreto lexislativo

781/1986, do 18 de abril, e artigo 83 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por real decreto 2568/86, do 28 de novembro, apróbbase a declaración da urxencia.

DEBATE.- SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Cando se comeza con todo o proceso de fusión das caixas galegas, daquela o Bloque Nacionalista Galego alertaba que estabamos só diante da primeira batalla que se tiña que dar no sistema financeiro galego. Xa daquela dicíamos que a instauración do FROB e a reforma da LORCA ía dar paso sen dúbida ningunha a un camiño que ía levar á bancarización e á privatización das caixas.

Como se pode comprobar non estabamos errados e por iso daquela o BNG dicía tamén que era moi importante que as nosas dúas caixas galegas se fusionaran nunha caixa solvente e con futuro e tamén dicíamos que era precisa unha nova lei galega de caixas que dalgún xeito blindara a capacidade do goberno galego e de Galicia para decidir sobre este futuro financeiro das caixas.

Ó final dese proceso todo o mundo aplaudiu a fusión, uns porque crían que eran eles os que a conseguiran; outros porque creron que era una vitoria dunha batalla que non sei onde se librou e outros aplaudimos a fusión porque coidábamos que era a única maneira de manter a decisión financeira en Galicia e en Vigo e de manter tamén a capacidade de incidir sobre onde queriamos que fosen os aforros dos galegos e das galegas.

Agora quero facer unha serie de preguntas: que ten mudado dende hai meses para que o Banco de España, que ó principio aplaudía esta fusión e mesmo se significaba na súa solvencia, agora poña outras regras de xogo? Que mudou da Declaración de Basilea III, onde se falaba de chegar a uns límites de core ata o 2013, para que agora o goberno español queira que as caixas cheguen non a ese nivel, senón a máis, incrementándoo no 2011? A outra pregunta é, por que estas esixencias só se lles fan ás caixas de aforro?

Outra das preguntas que se fan os galegos e as galegas: por que o silencio do Sr. Núñez Feijóo, do presidente dos galegos e galegas en todo este proxecto e en todo este proceso? Por que o silencio do presidente que tiña que defender por riba de todo os intereses dos aforros dos galegos e galegas?

Despois de escoitar onte as declaracións do Sr. Aznar xa entendemos por que o

Sr. Feijóo ten que estar calado. Porque non hai un ano, onte mesmo, hai unhas declaracións do Sr. Aznar nas que di claramente que el está pola bancarización e pola privatización das caixas, é dicir, está porque se produza o maior expolo histórico dos aforros dos galegos e das galegas.

Por que a bancarización? Por que ese afán agora de privatización das caixas? Non porque os bancos sexan máis eficientes ou solventes que estas caixas. A gran banca amosou que cos seus malos investimentos nos levan ó cataclismo e a unha crise económica que aínda estamos padecendo. Non porque os bancos vaian apoiar máis ás pequenas e medianas empresas da nosa localidade ou de Galicia. Non porque os bancos fagan máis obra social como xa demostraron; non se fai por iso. Faise sinxelamente, como aparecía no tema das pensións, porque os activos das caixas, os milleiros de euros de aforros dos galegos e das galegas nas caixas son un bocado moi apetecible para a gran banca privada.

Que ninguén se engane, a bancarización vai levar a que a prioridade da futura institución que se cre van ser os beneficios, non van ser nin a aposta polas PIMES, nin a aposta pola obra social ou cultural. As prioridades desta nova institución que se cre van permitir que a caixas queden única e exclusivamente como fundacións e que se vaia única e exclusivamente favorecer ó capital privado e á gran banca privada.

Hai solucións. Quérennos facer ver que é imposible acadar outra solución. Xa que nos gusta tanto a Sra. Merckel, xa que a recibimos tan ben, aprendamos algo dos alemáns, non os obedezamos, aprendamos algo deles e miremos como capitalizaron publicamente as caixas para que puideran funcionar nun territorio e responder ás necesidades das pequenas empresas, en definitiva ás necesidades do tecido económico máis directo.

SR. LÓPEZ FONT: Estabamos de acordo na urxencia pola importancia do asunto da moción presentada polo Bloque Nacionalista Galego.

O contexto xeral en canto á situación económica de crise é xeneralizado. Non se pode dicir que por parte do goberno do Estado este sexa un ataque a Galicia. Non é un ataque a Galicia, non todo comeza e remata en Galicia, non debemos *demonizar* ós que pretenden buscar solucións e en todo caso, Sr. Figueroa, se pretende buscar culpables na fusión de Caixanova e de Caixa Galicia só hai un

culpable pola mentira dende o primeiro momento e ese é o presidente da Xunta Núñez Feijóo.

Cando o goberno de España tenta equilibrar o sistema económico financeiro o que busca é a garantía dos depósitos, a garantía das familias e así o recoñece a patronal do sector, pero tamén curiosamente o recoñecen os dirixentes do Partido Popular como o seu secretario de Economía ou quen foi vicepresidente económico, Sr. Rato. Noutras comunidades non se lanza este discurso de que é unha agresión a determinada comunidade autónoma. E non falemos xa das declaracións do Sr. Aznar que estarían no outro extremo da proposta do goberno. Cando nesta reforma se fala de fondos públicos son unha intervención pública, xamais unha privatización porque en canto á fusión de Caixa Galicia e Caixanova, é verdade que cada quen somos responsables do que dixemos, é verdade que o Sr. Núñez Feijóo é o responsable e culpable de iniciar un proceso que estaba certamente dubidoso, que tiña a base débil como onte soubemos que xa o advertira o ministro D. José Blanco no seu despacho.

Cando pregunta vostede polas mentiras hai que lembrar que a primeira mentira do presidente da Xunta de Galicia é a auditoría dun millón de euros que encargou, que todos os galegos pagamos, e á que responderon os vigueses hai pasado mañá un ano, o 9 de febreiro, saíndo á rúa. Lembro que ese día o que pretendían os vigueses era que Núñez Feijóo lles dixera a verdade ós cidadáns.

Aquí os socialistas e o alcalde de Vigo sempre defendemos, tal e como expoñía Caixanova, que tiña un proxecto e os datos aválannos porque cando presentou a fusión o Sr. Núñez Feijóo e cando elaborou aquela lei que logo tivo que retirar, o único que pretendía, señores do Partido Popular, era que a caixa que estaba en Vigo resolvese os problemas da caixa da Coruña e que en todo caso os dirixentes da fusión fosen da Coruña e non de Vigo, porque lles lembro a todos vostedes que o día 11 de maio, un día antes da fusión, vostedes neste Pleno votaron en contra da proposta que neste sentido fixo o alcalde.

Non hai nada mellor que ir ó que dixemos cada quen. Na acta do Pleno do 4 de febreiro de 2010 consta que o alcalde dicía: “Caixanova ten un proxecto solvente, autónomo, vigués e galego”. Pero no Pleno realizado o 22 de marzo tamén dicía textualmente: “Os datos da auditoría están gardados nun caixón e coñecendo os datos das auditorías de Caixanova e de Caixa Galicia dedúcese que a fusión nace

morta”. Estas son declaracións do alcalde de Vigo e vostedes como grupo municipal o único que fixeron foi encubrir ó Sr. Núñez Feijóo no grave ataque que lle facía a esta cidade.

O Pleno do 11 de maio xa foi concluínte, o alcalde debullaba na súa intervención que os 1.160 millóns de euros que propoñía a auditoría non abondaba, que era necesario vender 250 oficinas de Caixa Galicia e literalmente dicía: “En termos de viabilidade económica con todos estes recursos esa nova caixa vai moi xusta”. As declaracións que fai determinado xornal sobre o “moi xusto” non é sobre o resultado electoral, era sobre caixas. O alcalde dixo aquí que nesas condicións a fusión ía moi xusta.

Agora é o Sr. Núñez Feijóo quen se ten que deixar de agochar, quen ten que exercer como presidente de Galicia, non se pode consentir que nun mes clave para economía desta Comunidade Autónoma, estea máis días fóra que dentro de Galicia. Sr. Figueroa, é el quen ten que tomar as rendas e quen lle debe dicir á cidadanía, en primeiro lugar as mentiras do primeiro momento e en segundo lugar tomar as rendas para coñeceren a súa proposta que ata o momento descoñecemos.

SR. FIGUEROA VILA: “Se Caixanova non segue soa, eu non me presento ás eleccións”. Esta é unha frase que vai quedar na historia da cidade.

Dicían que era inviable. Vostedes enganaron á cidadanía, ás institucións e a todos os estamentos porque dentro da reestruturación do sistema financeiro español adoptaron unha decisión primeira: provocar unha fusión das caixas, pero sabían que era unha primeira fase.

Nese Pleno do 04.02 nós dicíamos ó que vostede alude o seguinte: “O gobernador do Banco de España di que as entidades que non teñan como mínimo 50.000 millóns de euros de activos non poderán sobrevivir a esta situación”. Pero o gobernador do Banco de España e a Unión Europea din algo máis, teño algunhas frases como a de que “Haberá un tsunami regulador segundo”. Aquí estamos. Pasouse a primeira fase pola unidade dos galegos pero dende o goberno e dende o Banco de España vostedes tiñan unha estratexia clara que era a de suprimir as caixas. Iso foi o que anunciaron hai uns días.

Como se vai pronunciar alguén con rigor e con seriedade se vostedes aínda non

aprobaron o decreto que vai regular a bancarización das caixas? En base a que? Ó que diga unha ministra? Ó que diga o gobernador do Banco de España que é un socialista que foi secretario de Estado? Se ninguén nos fiamos, os españois non se fían do Partido Socialista porque están enganando permanentemente.

O que vostedes querían era pasar as eleccións municipais pero llo truncou a situación de que houbo unhas eleccións catalás.

É curioso que se anuncia por parte da ministra de Economía que se vai producir unha regulación das caixas e o Sr. Fainé e a Caixa en vinte e catro horas adoptan a mesma decisión que está anunciando a ministra de Economía. Iso quere dicir dúas cousas, a primeira que o goberno de España está intervindo dende fóra e a segunda que os cataláns tiñan a decisión tomada e marcaron as directrices do que había que facer en España. Ese é o escenario. Están intervidos dende fóra, non é o goberno de España do Partido Socialista quen toma as decisións, por riba son os cataláns quen toman decisións. Imos facer unha reflexión para os veciños e veciñas de Vigo. Por que en vinte e catro horas o mesmo que anuncia sen ningún decreto a ministra de Economía, toma a decisión a Caixa catalá co Sr. Fainé ó fronte? Aquí hai unha resposta: ou tiña coñecemento do que estaba a pasar ou el foi quen marcou as directrices do que tiña que pasar.

A vostedes pillounos o touro porque pensaban que ían pasar as eleccións municipais coa mentira pero non foron capaces porque o que está claro é que o goberno de Zapatero non quere caixas, quere bancos.

Quen toma a decisión de bancarizar as caixas é o Partido Socialista. O gobernador do Banco de España, ilustre socialista, recentemente secretario de Estado, non tiña o control das caixas? Quen ten que controlar e fiscalizar as caixas é o Banco de España. Por que hai un mes a fusión das caixas galegas era viable e agora non o é? Porque evidentemente vostedes utilizaron a premeditación, queren a supresión das caixas, agocharon os datos e enganáronnos a todos. Ou é que o Sr. Caballero que sempre di que ten fío directo con Madrid, non sabía que o Sr. Zapatero quería bancarizar as caixas? Porque esa decisión a toman o goberno e o Banco de España aínda que o decreto está sen regular. Como alguén pode tomar unha decisión tendo agochado ese decreto? O problema é que non se sabe cales van ser os criterios nin cal vai ser a decisión do goberno e do Banco de España.

Mentíronnos e enganáronnos. Vostedes sacaron á rúa a milleiros de cidadáns que agora se senten enganados. Xa nos chamaron bastantes deles dicindo que tiñan unha opinión e que agora a cambiaran porque non van permitir baixo ningún concepto o engano.

Agora o Sr. Vázquez di que os da foto son os culpables da situación, foron os que investiron no “ladrillo”. A quen lles están botando a culpa? A Caixanova, a Caixa Galicia e ó Sr. Vázquez?

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Cando eu era máis mozo que agora e asistía a algunha que outra mobilización na contra das políticas económicas, dicíamos un slogan que eu quero repetir aquí: “PP e PSOE a mesma cousa é”. Creo que en materia de economía e no tema do que estamos falando acabamos de ver e de demostrar que van polo mesmo camiño.

Non se pode dicir que o goberno Zapatero quere a bancarización porque o Sr. Rajoy tamén e o Sr. Feijóo tamén porque ten que actuar polos mandos do Sr. Rajoy e do Sr. Aznar. Ou é que o Sr. Aznar xa non é un salientable militante do Partido Popular? Ou é que o Sr. Rajoy, que se ven manifestando a favor precisamente dunha reestruturación das caixas nesa liña, non é un salientable militante do Partido Popular?

Dicía o Sr. Figueroa que como se vai intervir se aínda non coñecen os decretos. Un presidente ten que ir máis adiante, non ten que agardar a que as cousas estean feitas, precisamente ten que utilizar os organismos e os instrumentos que temos no noso Estatuto de Autonomía. Se non o impedimos, cando a cousa estea feita que xa non fale, que dimita. Para falar cando o maior espolio dos aforros dos galegos e galegas estea xa feito, que non fale. Non necesitamos que o Sr. Feijóo fale despois, necesitamos que se poña ó fronte de Galicia porque é o presidente e que defenda os intereses dos galegos e das galegas.

Sr. López Font, todos dicíamos moitas cousas e as hemerotecas están aí, dígollo con todo o cariño. Eu tamén escoitei manifestacións do Sr. Alcalde e mesmo de vostede cando se asinou a fusión dicindo que esta era a fusión que el e máis vostedes propuxeran porque Caixanova gañaba sobre Caixa Galicia. Logo non se pode dicir aquí tampouco iso de que xa dicían que a fusión era mala. Non, primeiro vostedes dixeron non a calquera fusión, logo dixeron si a un SIP que

nestes momentos xa non poderíamos nin estar falando do que falamos. Logo vostedes dixeron que esa era a fusión que o alcalde e o Partido Socialista propuxeran.

Non vale dicir agora iso de “xa alertábamnos nós” porque nin o Partido Popular nin o Partido Socialista alertaron de nada, actuaron ós ditados de Madrid e dos intereses económicos da gran banca como se acaba de demostrar. Senón, Sr. Figueroa, dígalle vostede ó Sr. Aznar e ó Sr. Rajoy que digan publicamente que están en contra da privatización e da bancarización das caixas, entre elas da nosa caixa galega.

SR. FIGUEROA VILA: Nós imos presentar unha emenda, Sr. Alcalde.

A PRESIDENCIA: Tiña que ser presentada antes, Sr. Figueroa, as emendas preséntanse durante o debate, non ó remataren este.

Deseguido a Presidencia procede a ler o texto da emenda formulada polo Sr. Figueroa Vila transcrita ó final deste debate.

A PRESIDENCIA: Sr. Domínguez Olveira, pronúnciese sobre esta emenda de substitución.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Como comprenderán, se é substituír todo o texto non imos aceptar porque para nós o punto catro é fundamental para expresar o compromiso inequívoco de manter o vixente modelo de caixas. Evidentemente iso non o podemos eliminar desta declaración aínda que, polo consenso e porque as forzas políticas loitemos contra esa pretensión de bancarización, estaríamos dispostos a aceptarlles os tres puntos. Pero evidentemente todo o texto non porque para nós o cuarto punto é fundamental.

Polo tanto a xenerosidade do BNG en aras dun consenso queda demostrada. Vostedes presentan tres puntos, acepten o noso cuarto e nós aceptaremos os seus tres.

Emenda formulada durante o curso do debate polo voceiro do Grupo municipal

do PP, Sr. Figueroa Vila, en escrito de data 31 de xaneiro:

1.- O Concello de Vigo manifesta o seu rexeitamento á intención do Goberno do Estado de facer desaparecer a referencia financeira máis importante que ten Galicia, que é Novacaixagalicia, polas negativas consecuencias que vai traer tanto para a economía como para o labor social en Galicia.

2.- Coma institución promotora e fundadora dunha das caixas que hoxe están fusionadas en Novacaixagalicia, acorda trasladar todo o seu apoio para que dende as institucións representativas do noso país, a Xunta de Galicia e o Parlamento Galego, se leve a cabo unha defensa rotunda e xeral dos intereses socioeconómicos de Galicia.

3.- E acorda tamén apelar á unidade de todas as forzas políticas de Galicia a prol das iniciativas que as nosas institucións representativas realicen en defensa da institución de aforro dos galegos.”

A asinante da moción non acepta a emenda formulada polo voceiro do Partido Popular polo que non se somete a votación.

(Está ausente a Sra. Díaz Vázquez do Grupo socialista).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con oito abstencións dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, cinco votos a favor dos membros do Grupo municipal do BNG Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal do PP Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse e Romero Rodríguez,

ACÓRDASE:

Rexeitar a moción formulada pola voceira do Grupo municipal do BNG, Sra. Méndez Piñeiro, rexeitando as pretensións do Estado de privatizar ou bancarizar a caixa galega, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

INTERVENCIÓN DO SR. FIGUEROA VILA: Sr. Alcalde, só unha cuestión para que conste en acta. Este é un acordo que se aprobou por unanimidade dos tres

grupos políticos na Deputación de Pontevedra e polo tanto o que nós buscábamos era o consenso.

6.2.- (16).- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DECLARAR A SERRA DO GALIÑEIRO COMO ZONA DE ESPECIAL PROTECCIÓN E PARALIZAR NOVO PARQUE EÓLICO. EXPTE. 123/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 7 de febreiro, número 123/1101, a concelleira do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sra. Lago Rey, formula a seguinte moción:

“Como ben saben todos vostedes, hai un par de anos, a iniciativa de distintos colectivos, promoveuse a ampliación do Parque Natural do Aloia, espazo integrado na Rede Natura 2000, cara á serra do Galiñeiro. Este proxecto está en estudo na Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia.

A iniciativa de protección xustifícase:

- No alto valor xeolóxico (tanto polas súas formacións de gneis de riebeckita nos cumes máis altos da Serra como polos seus valores tectónicos únicos no mundo)
- Arqueolóxico (presenza de depósitos arqueolóxicos como a fortaleza medieval Gallas do Galiñeiro, mámoas dos Bermús e os conxuntos de petroglifos da Raíz, Valverde de Arriba, Os Bermús e Augas da Laxe, neste último está un dos máis importantes de Galicia);
- Medioambiental, coa presenza de breixeiras húmidas, brañais, turbeiras e matogueiras, fauna como a azulenta papuda, o merlo azul, especies incluídas no Catálogo de especies ameazadas, como a ra patilonga; especies botánicas, como a matogueira termófila, e a oromediterránea de escasa presenza en Galicia, tamén a avifauna migratoria como o picanzo real ou o pedreiro cincento
- Paisaxístico, pola súa elevada altitude e polas formacións rochosas
- Alto valor cultural e social da Serra do Galiñeiro, (desenvólvense actividades de sendeirismo, escalada, orientación, visitas culturais, paseos a cabalo, bicicleta, a pé); calidades estas que se recoñecen no propio Plan Forestal de Galicia, o cal cualifica esta Serra como zona de alto valor paisaxístico e de espaxamento da poboación.

Estas actuacións entran en conflito coa decisión do director xeral de Industria da

Xunta de Galicia, do 20 de decembro de 2010, pola que se aproba a relación de anteproxectos de novos parques eólicos. Na citada relación inclúese o parque da Serra do Galiñeiro, adxudicándose á promotora TERRA DO VENTO SRL, unha potencia de 39Mw, o que se traduce na instalación na serra duns vinte muíños de vento, xunto coa construción da instalación subterránea ou aérea para a evacuación da enerxía xerada e mantemento dos propios muíños.

A creación do parque eólico xeraría unha serie de impactos :

- Visual e paisaxístico
- Alteración dos valores naturais ao construír pistas para montar e acceder aos muíños
- Destrución do hábitat de moitas especies.
- Creación de barreiras para o libre movemento de aves.
- Ruído que xeran os muíños cando se moven.
- O desprazamento das pas poden xerar a colisión de especies como o azor, gabián ou miñado presentes neste contorno. As especies máis prexudicadas son as aves e os morcegos, etc.

Xustificamos a presentación desta moción urxente non en que esteamos en contra e rexeitemos a implantación de enerxías renovables e limpas como a eólica, senón en que consideramos que o emprazamento deste parque eólico non é o axeitado dado o recoñecemento de todos os valores citados que concorren neste espazo natural cal é a Serra do Galiñeiro.

Por todo isto o Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, solicita ao Pleno da Corporación a aprobación do seguinte acordo:

- 1.- Instar á Xunta de Galicia para que proceda coa maior urxencia posible a declarar a Serra do Galiñeiro como zona de especial protección polos seus valores naturais para formar parte da Rede Natura 2000.
- 2.- Instar á Xunta de Galicia a paralización do procedemento do novo parque eólico da Serra do Galiñeiro ao non se considerar espazo apto polas súas características naturais para amparar unha instalación industrial.”

DEBATE SOBRE A URXENCIA.- A PRESIDENCIA: Hai unha segunda moción de urxencia presentada por D^a M^a Jesús Lago Rei do Grupo Socialista que ten un encaixe difícil na normativa aprobada e pode ser considerada excepcional. Dende a Presidencia non me pronuncio e polo tanto farei quendas durante un minuto dos voceiros para que se definan sobre a urxencia.

O Regulamento di que hai mocións excepcionais que se poden presentar no momento do Pleno, senón estas mocións de urxencia teñen que ser presentadas previamente por Rexistro. Esta entrou directamente no Pleno e polo tanto eu

particularmente teño dúbidas de que encaixe dentro do apartado de mocións de urxencia tal e como describe o Regulamento e por iso pido que durante un minuto se pronuncien os grupos.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Pola nosa banda sempre dixemos que consideramos importantes as mocións urxentes porque cando ese é o criterio do grupo que as presenta respectámolo. Ademais parécenos unha moción que debe ir neste Pleno, polo tanto aceptamos.

SR. FIGUEROA VILA: Queremos que se cumpra o regulamento. Non temos ningún problema en tratar todos os temas pero hai unhas horas pasou o que pasou neste Pleno e non se lle dá participación á xente. O noso grupo está disposto a tratar esta moción pero que este criterio sirva para todos.

A PRESIDENCIA: Sr. Figueroa, coa súa expresión de “non se lle da participación á xente neste Pleno”, refírese vostede a que está de acordo con que catro persoas interrompan o Pleno, berren e polo tanto se suspenda un Pleno por segunda vez porque catro persoas do público interrompen o Pleno? Ou cre vostede que é mellor facer o que fixo a Sra. Porro cando presidía un Pleno nesta mesma sede que foi interrompido, suprimiuse, continuouse a porta pechada e procedeu polo penal contra os que o interromperon que foron condenados? Condenados por sentenza xudicial, Sr. Figueroa. Este alcalde vai manter a orde neste salón de plenos.

SR. FIGUEROA VILA: Se me pregunta voulle contestar. Non hai ningún problema en que lle conteste, Sr. Alcalde, vostede fíxome unha pregunta e eu quérolla contestar. De seren eu alcalde de Vigo dende logo daría a cara e iría cara a xente, non me agocharía nun despacho da Policía Local.

A PRESIDENCIA: Si, Sr. Figueroa, pero vostede non é alcalde de Vigo, non foi elixido democraticamente. O día que se presente e sexa elixido actúe, polo de agora vostede é voceiro dun grupo porque quen se presentou para seren elixida alcaldesa non o foi e deixou este Pleno.

(Están ausentes o Sr. Coello Bufill, do Grupo Popular, e a Sra. Díaz Vázquez do Grupo Socialista).

VOTACIÓN DA URXENCIA.- Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, ó se acadar a maioría absoluta esixida polo artigo 51 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local aprobado por real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, e artigo 83 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por real decreto 2568/86, do 28 de novembro, apróbase a declaración da urxencia.

A concelleira do Grupo Socialista, Sra. Lago Rey, procede a ler o texto da moción que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

DEBATE.- SRA. LAGO REY: A Serra do Galiñeiro é coñecida por todos. As comunidades de montes, tanto de Zamáns, como Vincios, Gondomar e Tui, as comunidades de veciños e os gobernos de todos os municipios que forman parte da Serra do Galiñeiro están a favor de que se retire por parte da Xunta de Galicia este proxecto de muíños eólicos.

Supoño que ninguén está en contra da enerxía eólica; si estamos en contra da situación concreta deste parque eólico porque suporía a colocación de vinte muíños na parte máis alta da Serra do Galiñeiro e dous deles estarían concretamente no Concello de Vigo.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Imos votar a favor desta moción porque precisamente foi o BNG quen no Concello de Gondomar presentou a mesma moción para que non se destrúa o parque da Serra do Galiñeiro.

A estas alturas deberíalles caer a cara de vergoña ós membros do Partido Popular porque durante o goberno bipartito, cando era conselleira de Economía unha persoa do BNG, mentiron en todos os sitios e dixeron que se ía destruír a Rede Natura. Quen destrúe agora a Rede Natura? Como sempre o Partido Popular mente e engana. Cando eles están no goberno aplican o seu rolo ó que lles peta

e en troques cando están os demais menten e enganan.

Diso temos o exemplo na Sra. García Míguez que fago un inciso e dígolle que o próximo día ímoslle colgar xusto enriba de onde se senta os orzamentos de Benestar Social para que os mire ben e os aprenda.

Despois das mentiras que verteron, cun concurso eólico que estaba perfectamente feito polo anterior goberno, despois de favorecer descaradamente neste concurso eólico ás empresas próximas á Xunta, agora o que van facer é destruír a Rede Natura.

En Gondomar o Partido Popular votou a favor. Parece que hai unha contradición importante entre o que quere o Partido Popular da Xunta de Galicia e o que quere o Partido Popular de Gondomar, ó mellor é porque aí está un goberno instalado por unha moción de censura.

Nós defendemos e defenderemos todo o que significa valor ecolóxico e valor sustentable e para nós a Serra do Galiñeiro ten estes valores. Por iso imos apoiar o que demandan as comunidades de montes de Vincios, de Tui, de Coruxo e as de todo o noso Concello. Defenderemos tamén a todas as organizacións ecoloxistas porque nos sentimos partícipes desa idea de sustentabilidade do nos país.

Imos votar a favor para que eses dous muíños que nos tocan ó Concello de Vigo non se poidan poñer. Agardamos que tamén o Partido Popular sexa consciente e coherente para preservar o noso futuro e a nosa Rede Natura.

SRA. LAGO REY: É sorprendente tamén que na Xunta de Galicia, mesmo nas súas consellerías, non teñan claro que é o que están a defender cada unha porque a Dirección Xeral de Industria da Xunta de Galicia aproba un parque eólico e a Consellería do Medio Rural di que está traballando nun parque natural. É dicir, onde se pode poñer unha cousa non se pode poñer a outra, que se poñan de acordo.

Penso que isto vai ser claramente rexeitado por todos os vigueses e por todos os municipios limítrofes coa Serra do Galiñeiro.

Quero lembrar que o Monte Aloia foi o noso primeiro parque natural en Galicia, o máis pequeno. De se incluír este na Rede Natura protéxese á Serra do Galiñeiro e pasaríamos a ter o segundo parque natural máis grande de Galicia.

Non é compatible un parque eólico tan preto da cidade, a Serra do Galiñeiro sofre unha gran presión e sen embargo se mantén intacta. Está demasiado preto da cidade e penso que o parque será un completo erro.

Quero insistir en que ninguén está a discutir aquí que a enerxía eólica non sexa a axeitada, senón que o que non é axeitado é o lugar.

(Está ausente a Sra. Díaz Vázquez do Grupo Socialista).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con trece votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e doce votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse e Romero Rodríguez,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada pola concelleira do Grupo municipal Socialista, Sra. Lago Rey, instando á Xunta de Galicia declarar á Serra do Galiñeiro como zona de especial protección e paralización do novo parque eólico, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

Explicación de voto do concelleiro Sr. López Chaves-Castro polo Grupo Popular:

A Serra do Galiñeiro non está na Rede Natura. No concurso eólico adxudicado non hai nin un só parque eólico que estea na Rede Natura, a diferenza do reparto que fixera o goberno bipartito que si había adxudicación de parques eólicos na Rede Natura. Busquen vostedes no goberno bipartito.

Por certo, isto foi un concurso que non un reparto. Lembren cando o PSOE e o Sr. Touriño dicían que aquilo era absolutamente ilegal e se ergueron da Mesa dese reparto eólico polas moi graves irregularidades que existían na adxudicación dese reparto do goberno bipartito? Foi a maior irregularidade que existiu e por iso o houbo que anular.

De se anular este concurso eólico o que vai significar é unha indemnización

porque se fixo mediante concurso público a través dun procedemento contemplado nunha lei, con total cobertura legal. Non foi un reparto como co goberno bipartito que sinxelamente o adxudicou con tal grao de irregularidade que o propio PSOE acusou ó Bloque de faceren unha adxudicación irregular. Se se indemniza haberá que indemnizar ó adxudicatario. Eu non sei se é iso o que perseguen: buscar as indemnizacións de adxudicacións realizadas no solo catalogado como legalmente se establece e que non é Rede Natura.

O PP non adxudica parques eólicos na Rede Natura a diferenza do que sucedía co goberno bipartito.

PARTE DE CONTROL

1.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS ACORDOS OU RESOLUCIÓNS DOUTROS ÓRGANOS MUNICIPAIS OU DE INFORMES OU ESCRITOS QUE ASÍ O REQUIRAN.

1.1.- (17).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

Dáse conta ó Pleno da Corporación das resolucións asinadas pola Alcaldía-Presidencia, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas e 28 de decembro de 2010 e 30 de xaneiro de 2011.

1.2.- (18).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS.

Dáse conta ó Pleno da Corporación das resolucións asinadas polas concellarías delegadas, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 28 de decembro de 2010 e 30 de xaneiro de 2011.

1.3.- (19).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATA 29.12.10 DE DELEGACIÓN TEMPORAL DE FUNCIONS EN DON SANTOS HÉCTOR RODRÍGUEZ DÍAZ.

ANTECEDENTES.- Por decreto de data 29 de decembro, a Alcaldía-Presidencia ditou a seguinte resolución:

“Con motivo da ausencia do concelleiro D. Carlos López Font, o 29 de decembro de 2010 e en uso das atribucións conferidas a esta Alcaldía-Presidencia no artigo 124,4 da Lei 7/1985m e de conformidade con previsto no artigo 43 e ss do RD 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime das entidades locais,

RESOLVO

Primeiro .- Avocar as competencias delegadas, segundo a miña Resolución do 05.07.2007, do concelleiro D. Carlos López Font, delegado da Área de Xestión Municipal.

Segundo.- Delegar as competencias avocadas durante a ausencia de D. Carlos López no concelleiro D. Santos Héctor Rodríguez da Área de Promoción Económica e Emprego, o 29 de decembro de 2010.

Terceiro.- Notificar esta Resolución aos interesados e xefes das áreas afectadas para o seu coñecemento.

Cuarto.- A presente Resolución entrará en vigor dende a súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no BOP, segundo o establecido no artigo 44.2 do RD 2568/1986.

Quinto.- Da presente Resolución, de conformidade co sinalado no artigo 44,4 do RD 2568/1986, darase conta de forma individualizada ó Pleno da Corporación a efectos de quedar enterado da mesma.”

A Alcaldía-Presidencia pon en coñecemento do Pleno a anterior resolución.

2.- COÑECEMENTO DOS INFORMES CITADOS NO ART. 38.2.M.4º DO REGULAMENTO DO PLENO.

Non se presentan.

3.- COMPARECENCIAS DE MEMBROS DA CORPORACIÓN.

Non se formulan.

4.- MOCIÓNS.

4.1.- (20).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO A CREACIÓN DUN SERVIZO NOCTURNO DE GARDERÍA PARA NENOS DE 0 A 6 ANOS. EXPTE. 113/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 19 de xaneiro, número 113/1101, a concelleira do Grupo Popular, Sra. García Míguez, formula a seguinte moción:

“A crise, o paro e os recortes sociais obrigan a tomar medidas que favorezan os dispositivos facilitadores de medidas eficaces de emprego en todos os ámbitos.

A incorporación da muller ao traballo motivou un dos cambios sociais máis profundos deste século. Este feito fai necesario configurar un sistema que contemple as novas relacións sociais xurdidas e un novo modo de cooperación e compromiso entre mulleres e homes que permita unha repartición equilibrada de responsabilidades na vida profesional e na privada.

A Constitución Española recolle no seu artigo 14 o dereito á igualdade ante a lei e o principio de non discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, relixión ou opinión ou calquera outra condición. No artigo 39.1, o texto constitucional establece o deber dos poderes públicos de asegurar a protección social, económica e xurídica da familia e, no artigo 92, atribúe aos poderes públicos o deber de promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas; e remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude facilitando a participación de todos os cidadáns na vida política, económica, cultural e social.

Os horarios laborais e a falta de recursos son un dos principais hándicaps cos que se atopan as familias para poder conciliar a vida laboral e familiar.

Por todo isto, o Grupo Municipal do Partido Popular insta ao Goberno Local para:

A creación de un Servizo de gardería nocturno de 0 a 6 anos.”

A comisión informativa de Asuntos Sociais, en sesión do 24 de xaneiro, ditamina favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SRA. GARCÍA MÍGUEZ: Sra. Méndez, non fai falla que me colgue ningún papel enriba da cabeza porque coñezo de memoria os orzamentos da área de Benestar Social e de Igualdade. Voullo dicir por se vostede non o sabe: no 2010 temos 8.376.480,18 euros e no 2011 temos 8.318.870,70 euros, é un 0,69% menos de orzamento en Benestar Social, son 57.609,48 euros de diferenza. Non fai falla que me dea leccións de nada, está nos papeis. Se non quere que isto sexa así negocie co Sr. Alcalde ou con quen deba para que lle aumenten o seu orzamento, pero ten un orzamento irrisorio na situación política, social e económica na que nos atopamos. Reducíronlle o orzamento.

Agora pode dar as explicacións que queira pero iso é que consta nos papeis do ano 2010 e non hai quen o cambie. Se ten que aportar algo fágao, pero iso é o que consta nos orzamentos.

Como ben sabemos o paro ten rostro de muller. Esta non é unha moción só enfocada ó ámbito da muller porque os pais igual que as nais temos as nosas obrigas, tanto os homes como as mulleres, pero si que as mulleres tivemos e temos un peso específico e moito máis importante, por desgracia e de momento, no coidado e a atención dos nosos fillos. En Vigo incrementouse considerablemente o paro e ten rostro feminino. Hai unha diferenza de case 2.200 de mulleres fronte ós homes; 13.414 homes fronte 15.742 mulleres. As mulleres teñen máis difícil o acceso ó ámbito laboral xa que a conciliación é moi complicada.

Vigo é unha cidade industrial na que temos unha lonxa cuns horarios moi complexos e as mulleres e os homes teñen que estar alí en numerosas ocasións ás 4 ou 5 da mañá. Citróen tamén ten un horario moi complicado para a conciliación; a hostalería, os horarios dos funcionarios, os autobuses urbanos, os escolares, o persoal sanitario, o persoal dos servizos... Practicamente en todo o ámbito laboral a dificultade da conciliación do traballo coa familia é practicamente imposible.

Na nosa cidade non houbo nin unha soa medida en materia de conciliación e

malia teren un plan millonario de 1.200.000 euros non houbo nin unha soa medida de conciliación laboral e familiar.

Sería un valor engadido a implantación dunha gardería municipal de servizo nocturno porque sería o primeiro sistema implantado en toda Galicia.

Esta é unha moción en positivo que cremos que se debería aprobar por todos os grupos xa que é algo moi necesario. Agardamos polo tanto que teñan a ben aprobar esta moción porque cremos que debemos comezar a tomar medidas reais con respecto ó problema da conciliación. Non só se elimina o Servizo de Apoio ó Emprendedor, non só o Servizo de Orientación Laboral, senón que se as nais e os pais non teñen onde deixar ós seus fillos, con eses horarios tan complicados faise moito máis difícil o acceso ó mundo laboral.

Pedimos a creación dun servizo nocturno de gardería de 0 a 6 anos e xa lles informamos agora mesmo que non imos instar á Xunta de Galicia nin á Consellería de Benestar Social que se cre un servizo de gardería nocturno, telo pedido vostedes no seu momento, aínda están a tempo do solicitar. Nós solicitamos ó Concello de Vigo que tivo 90 millóns de euros do “Plan E” cos que o que fixeron foi arranxar beirarrúas e rúas e non fixeron nin unha soa gardería.

Solicitámoslle en positivo e como unha medida estrela que cren este servizo tan necesario para as nais e pais e para o fomento e a creación de emprego.

SRA. LÓPEZ ATRIO: Sra. García, sorpréndeme estrañamente a súa petición. En primeiro lugar porque hai moitos anos que a LOGSE non ten garderías, ten escolas infantís; vostede perdoe, rematáronse as garderías infantís. Ten vostede que cambiar de linguaxe porque non corresponde falar de garderías senón de escolas infantís.

De todos os xeitos dígolle que os concellos non son os únicos poderes públicos, sobre todo nesta comunidade, é a Xunta de Galicia. A responsabilidade, Sra. García, non lla pode achacar ó Concello e explícolle o por que.

En canto a benestar social, vostedes dende que entraron fixeron o que lles petou no tema de redución de escolas, mesmo en achegas ás escolas infantís que nos dan un 10% para o seu sostemento. Reduciron as achegas ós comedores e ás ANPAS, eliminaron as axudas ós libros, reduciron as axudas ás actividades extra escolares e ós seguros, reduciron as bolsas. En troques a Consellería de

Educación só en bolsas de comedor completa as que dá Benestar Social con 417.000 euros. Así que pode sumar a cifra do que aporta Educación ás axudas das bolsas de comedor, atendendo ademais axudas para actividades extra escolares, etc.

Cambiando a palabra gardería por escola infantil direille que a responsabilidade debe estar e pasar á Consellería de Educación que non se quere facer cargo pero é a responsable da educación da etapa infantil que é de 0-6, con dous ciclos de 0-3 e de 3-6.

En Vigo a Xunta de Galicia ten a Escola Infantil Bouzas, Relfas, Rosalía de Castro e Cabral-Caeiro. Teñen dúas co Consorcio ó que este Concello lle achega o 30% cando a Xunta ás outras devolve unha miseria dun 10%.

Como se vai poder levar a cabo semellante proposta cando en primeiro lugar non existen garderías e en segundo lugar de noite non hai servizo que poida recoller nenos? A proposta que eu fixen na miña emenda, que debería ter en conta e ler ben porque lla din con tempo e é moi breve, di claramente: “Instar á Xunta de Galicia, Consellería de Benestar (non de Educación porque de noite non se educa nin se dan clases) á creación dun servizo nocturno de atención a menores que permita nos casos necesarios imprescindibles (agardemos que haxa outras medidas) a conciliación da vida familiar e laboral”.

Fíxese que o que habería que buscar é unha solución dentro das empresas que proporcionan traballo a mulleres que por seren familias monoparentais puideran ou non ter alguén con quen deixar unha criatura, pero nunca poñer ó seu servizo un centro educativo para reter ou que vaian durmir os nenos porque a súa nai ou o seu pai non estea na casa. Terá que ser outro servizo puntual, nunca un servizo xeral.

Sentíndoo moito, Sra. García, eu creo que se reflexionaran un pouco, algunha vez deberíanos dar un si ás nosas mocións e ás nosas propostas.

Esta emenda é o que teñen vostedes que considerar. Non teñen ningunha razón para pedir semellante cousa que piden porque vostedes mesmos teñen todas as opcións, tanto en Vigo como fóra, é dicir, na Xunta de Galicia, para resolver o problema.

SRA. VELOSO RÍOS: Eu preguntome se isto de se saltar sistematicamente á Xunta

de Galicia é unha táctica do Partido Popular para xa poñer en marcha a desaparición diso que chaman o Estado das Autonomías. Non o nomeamos, non existe, desaparece e así nolo imos cargando. A verdade é que é curioso.

Sinceramente eu tampouco vou tomar en serio esta moción. Xa aclarou a concelleira de Educación que non é outra gardería, non se trata de gardar os nenos en ningún sitio, pero xa lendo o texto da moción vese que está moi “ben fundamentada” porque podemos ler unha frase como: “A incorporación da muller ó traballo motivou un dos cambios sociais máis profundos deste século”. Di “deste século”, Sra. García, que me está dicindo, que as mulleres levamos once anos traballando? Isto é alucinante. Coido que a incorporación da muller ó traballo ven dende principio dos tempos. Creo que isto é un pouco absurdo, non estaría de máis que se preparase un pouco máis os textos das mocións.

Esta moción, ademais de deixar todo nas mans das mulleres porque recoñece explicitamente que a crianza dos nenos e das nenas está nas mans das mulleres, xa é pasar facerlles pagar as desigualdades entres os homes e as mulleres ós nenos e ás nenas. Podemos maxinarnos a vida dun neno de catro anos escolarizado todo o día que estea nun servizo de gardería polas noites? Non, os nenos e as nenas teñen que ter casa, teñen que ter familia e será por iso ademais que realmente non hai demanda dun servizo como este.

Esta é unha idea que xa se lle ocorreu a algunha hai anos neste Concello pero é que non hai demanda porque as nais non queren deixar ós seus fillos nun servizo de gardería nocturno. As nais o que queren é poder ter un horario no seu traballo que lles permita criar ós seus fillos. As nais e os pais tamén o deberían querer e afortunadamente cada vez o queren máis.

En todo caso estaría tamén ben, e reitero as palabras da concelleira de Educación, que a Xunta se preocupase un pouco máis de abrir galiñas azuis ou galos verdes, tanto me ten e que boa falta fan, centros de día porque tamén temos que falar do coidado de persoas dependentes e moitos servizos de conciliación para a vida laboral e familiar que son precisos e que vostedes o único que fixeron foi facer desaparecer.

O que hai que conseguir é que toda a sociedade asuma a súa responsabilidade na crianza dos nenos e das nenas cando tanto os homes coma as mulleres estamos integrados no mercado laboral. Digo toda a sociedade, digo as mulleres,

digo os homes, digo os sindicatos e as empresas. Claro que vostedes xa o fan tamén destruindo emprego para que haxa máis mulleres no paro e se poidan quedar na súa casa coidando dos maiores e dos cativos, efectivamente.

Do que se trata é de que se promova a elaboración de plans de igualdade nas empresas, de que estes plans se cumpran. E non só nas grandes empresas porque lle lembro que Citröen ten un Plan de Igualdade no que se contemplan medidas de conciliación porque esa é responsabilidade da empresa Citröen.

Pero é que ademais a Secretaría Xeral de Igualdade o que fixo foi cargarse o programa que había de fomento e elaboración de plans de igualdade nas pequenas e medianas empresas deste país. Na semana logo de chegaren vostedes ó goberno xa desaparecera toda a información e todos os cursos dese programa que había na rede porque como se estaba facendo o que había que facer e vostedes non podían facer outra cousa e nin sequera saben, o que lles tocaba era desfacer. Iso é o que hai.

Que cinismo que fagan vostedes esta proposta, os defensores da familia. De que familia? Iso é o que me pregunto eu. Das mulleres que teñen recursos para decidir se teñen ou non fillos, para decidir como crialos? E as que non? Que avíen con nenos de 5 ou 6 anos, que non os vexan en todo o día nin en toda a noite ou que os dean en adopción, regular ou irregularmente que iso dá igual, ó fin é ó cabo xa dirá a xustiza se houbo persoas que son firmes defensoras do non ó aborto e de que as mulleres teñan fillos lucrándose deste tipo de cousas, xa o veremos.

Aprenda a ler e a escribir as mocións. O recorte dos orzamentos de Benestar Social é como o de todos os departamentos, como o recorte dos salarios do persoal. Coido que estabamos tamén neste Pleno cando falamos nunha moción desa cuestión, así que non estaría de máis, xa que non os sabe de memoria e temos que ler, que repase outra vez os orzamentos de Benestar Social.

SRA. GARCÍA MÍGUEZ: Polo que vexo van votar en contra desta moción. Infórmolles que o servizo nocturno existe, está regulado no ano 2005 e non se trata de deixar ós nenos alí en depósito de día e de noite, do que se trata é de conciliar. Sobre todo do que se trata é de facilitar a conciliación, de facilitar que as persoas poidan ir traballar e que teñan onde deixar os seus fillos.

Os nenos non poden estar todo o día nunha gardería municipal, teñen unhas horas límite tanto de día como de noite. Evidentemente iso ten unha regulación, se non o saben lean a lei. Non fai falla que me dean cursos.

É un erro gramatical a única argumentación que teñen, se garderías ou escolas infantís? A única argumentación que está vostede a dar é a dun erro gramatical. Cantas garderías das corenta e sete que prometeron abriron ou están en funcionamento nesta cidade dende que están a gobernar vostedes? Non hai nin unha en funcionamento.

En canto ós centros de día en menos de dous anos o goberno da Xunta de Galicia do Sr. Núñez Feijóo abriu o Centro de día de Coia e o de Valladares, tamén a gardería de Valladares "A galiña azul". Cantas abriron vostedes?

A Consellería terá as súas propostas e as súas formas de traballar. Por certo e como ben dixo, a Sra. López Atrio por primeira vez en catro anos ten orzamento. Que vostedes veñan falar de educación e de todas esas políticas maravillosas que fan en materia de educación cando por primeira vez en tres anos teñen orzamento e fan algo... Tiveron 90 millóns de euros do "Plan E" e a miseria que deu o Sr. Alcalde dese orzamento de 90 millóns euros foron 200.000 euros, que por riba non foron do "Plan E", foron dun préstamo que se pediu dende este Concello, dos 90 millóns de euros de "pufo", 200.000 euros. Esta é a importancia que lle deu á educación o alcalde de Vigo, cero euros durante tres anos en educación.

Efectivamente, si que hai que tomar medidas de conciliación. Se vostede non o sabe, Sra. Veloso, infórmolle que hai un tempo estipulado de horas no que os nenos poden estar, evidentemente que non é un depósito de nenos, pero vostede e o Sr. Rodríguez Díaz, responsable das medidas de fomento de emprego, non fixeron absolutamente nada.

Emenda de substitución presentada durante o curso do debate pola concelleira do Grupo Socialista, Sra. López Atrio, en escrito de data 31 de xaneiro:

Instar á Xunta de Galicia, Consellería de Benestar Social, a creación dun servizo nocturno de atención a menores que permita, nos casos necesarios, a conciliación da vida familiar e laboral.

A asinante da moción non acepta a anterior emenda da Sra. López Atrio polo que non se somete a votación.

(Están ausentes o Sr. Coello Bufill, do Grupo Socialista, e a Sra. Díaz Vázquez do Grupo Socialista).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con trece votos en contra dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e once voto a favor dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse e Romero Rodríguez,

ACÓRDASE:

Rexeitar a moción formulada pola concelleira do Grupo municipal do Partido Popular, Sra. García Míguez, solicitando a creación dun servizo nocturno de gardería para nenos de 0 a 6 anos, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

4.2.- (21).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO SE PROSIGAN OS TRABALLOS DE INVESTIGACIÓN ARQUEOLÓXICA NA RÚA CELSO E. FERREIRO. EXPTE. 120/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 19 de xaneiro, número 120/1101, a concelleira do Grupo Popular, Sra. Larriba Leira, formula a seguinte moción:

“Todos os arqueólogos que informaron sobre os achados aparecidos tras o derrubo das chabolas da rúa Celso Emilio Ferreiro, destacaron unanimemente o seu interese e especial valor, pola súa vinculación ao depósito arqueolóxico de O Castro e por abrir a porta a outras descubertas maiores, que poderán proporcionar importante información histórica sobre as orixes da cidade.

O Alcalde recoñeceu, desde o primeiro momento, o valor do mesmo e anunciou o encargo dun "proxecto de gran envergadura" para a conservación e revalorización dos restos atopados.

Estes últimos días coñecemos polos medios de comunicación, a intención da Alcaldía de tapar os restos atopados.

O grupo municipal do Partido Popular, consciente do interese que ten o depósito arqueolóxico para o patrimonio cultural da cidade de Vigo, propón para a súa aprobación non Pleno da Corporación:

Que prosigan os traballos de investigación arqueolóxica iniciados na rúa Celso Emilio Ferreiro, procurando o Concello os recursos económicos suficientes que o permitan."

A comisión informativa de Cultura, Industria, Turismo e Patrimonio Histórico, en sesión do 24 de xaneiro, ditaminou favorablemente.

DEBATE.- SRA. LARRIBA LEIRA: Para dar comezo ó debate desta moción penso que sería bo recoñecer aquí que estou segura de que todos os membros desta Corporación están de acordo en que O Castro de Vigo posúe un rico patrimonio natural e cultural no pleno centro da cidade e que ademais e sen ir máis lonxe forma parte do percorrido habitual dos nosos visitantes; nos cruceiristas é moi frecuente coma o seu primeiro destino visitar precisamente o Monte do Castro.

No novembro pasado apareceu un achado arqueolóxico que segundo os técnicos do Concello e de Patrimonio da Xunta de Galicia recoñécese como dun inestimable valor, dun elevado interese e propoñen e suxiren unha escavación na área dada a extensión do depósito arqueolóxico e o seu interese e formulan a necesidade de elaborar un proxecto para definir como abordar esa escavación nesta área.

Hoxe podemos ver unha nova nos xornais na que se dicía que "O Vigo romano gaña adeptos". É certo e todos sabemos que o interese polo Vigo romano aumentou gracias á musealización do depósito arqueolóxico do Castro e tamén, como non, ós traballos que xa se comezaron nos gobernos anteriores nos depósitos arqueolóxicos de Mirambell.

Pois ben, non se entende a decisión que coñecemos a través dos medios de comunicación do alcalde de non proseguir coa escavación destes restos achados

no tramo que vai dende Celso Emilio Ferreiro ata Marqués de Alcedo. Teño aquí os titulares dun xornal local onde se di: “O Concello cubrirá os últimos achados do Castro ó descartaren polo de agora investigar a zona”.

Cando tivemos novas por parte dos técnicos de Patrimonio da Xunta de Galicia do interese do depósito arqueolóxico, o Grupo municipal do Partido Popular foi o primeiro que instou a que se engadise esta área na area de protección integral porque sobre esa zona só había unha protección de cautela. Entendiamos que era preciso protexer máis este depósito arqueolóxico e iso foi o que fixeron os responsables de Patrimonio do Concello. Pero tamén é certo que a seguir do descubrimento do achado o alcalde amosouse moi entusiasmado, recoñeceu o interese do depósito arqueolóxico, tanto é así que mesmo viu unha calzada romana e propuxo un proxecto de grande envergadura e mesmo avogou por musealizar, cousa que é tecnicamente moi aventurada cando non sabemos se o que está debaixo vai ter interese museístico ou non.

Pero si que é certo que foi moi entusiasta e iso contradicíase coa negligencia de días antes en canto á fonte do Bicentenario porque non tivo ningún problema en facela sen contar cos informes de Patrimonio que eran preceptivos. Aí xa parecía que o interese polo achado viña tapar un pouco a súa falta de sensibilidade no tema da fonte do Bicentenario.

Patrimonio do Concello informou das medidas técnicas necesarias, as que se poderían e deberían tomar, pero dende o primeiro momento o alcalde mirou cara outro lado. Dende o mes de novembro ata agora non contestou que quería facer co achado.

A conclusión é que de momento vai botar terra por riba, descarta investigar e por iso nós instamos nesta moción a que se prosigan os traballos de investigación arqueolóxica iniciados, procurando o Concello os recursos económicos suficientes que o permitan.

SR. ÁLVAREZ ÁLVAREZ: Nestes tempos de desconcerto e tamén de diferenza nas opinións a respecto das cousas que hai que facer, é bo dicir tamén que nalgunhas cousas estamos todos de acordo. Por iso en primeiro lugar quéro lle agradecer á concelleira, Sra. Larriba, a súa intervención na parte que ten que ver co recoñecemento.

Este recoñecemento ten que ver fundamentalmente co traballo que se puxo en marcha dende os primeiros momentos do mandato, en especial no relativo ós dous grandes depósitos arqueolóxicos que temos na cidade que son O Castro e Toralla. Quero tamén dicir nesta fase de recoñecementos que só o apoio incondicional, de carácter visionario, diría eu, que o tenente de alcalde neste caso tivo ao respecto, non só do feito de que a recuperación do Castro nos serviría como factor de coñecemento da nosa historia, senón tamén como un moi potente, como recoñecía agora a concelleira Larriba, valor de carácter económico dado que por exemplo unha boa parte dos nosos cruceiristas e da xente que nos visita na cidade comeza ter o depósito arqueolóxico do Castro como un depósito de relevancia fundamental. Polo tanto é importante recoñecer o esforzo e o traballo porque sen ese esforzo e sen esa visión do tenente de alcalde, D. Santiago Domínguez, hoxe non poderíamos contar con ese esforzo que fixemos durante este mandato para investir os cartos que investimos que, como saben vostedes, son moi importantes.

Ese resultado vémoste hoxe nas 30.000 visitas que O Castro tivo nos dez meses que leva aberto, ou os 20.000 visitantes que ten o depósito arqueolóxico de Toralla; e suma e segue porque neste ano non só non baixa o número de visitantes senón que se incrementa malia que as condicións medio ambientais de carácter climatolóxico non nos acompañaron na última parte do mes de decembro e primeira do mes de xaneiro.

O que se atopou no mes de novembro nas escavacións derivadas da humanización da rúa Celso Emilio Ferreiro ten precisamente moito que ver con este espazo do Castro. No proceso de humanización atopáronse basicamente nunha primeira fase uns restos dunha alfaiaría, uns elementos moi machacados pero que realmente teñen moito interese para o estudo dende o punto de vista arqueolóxico e tamén posteriormente se atopou no mesmo espazo algo parecido ó que podían ser os restos dunha muralla, ou dunha zona de paseo ou de paso que tamén a día de hoxe, aínda que sen saber exactamente de que se trata, teñen un interese importante.

O que fixo Patrimonio Histórico do Concello de Vigo é o que hai que facer nestes casos, poñer en marcha os estudos e os informes axeitados para en primeiro lugar diagnosticar o alcance que podía ter este depósito arqueolóxico. Como

saben vostedes a día de hoxe non podemos aínda detectar o alcance final e saber polo tanto que era o que había que facer para continuar con eses traballos. Nese sentido os informes da área de Patrimonio Histórico do Concello de Vigo falan da necesidade de facer nos próximos meses unha escavación na área coa recollida e catalogación dos fondos atopados e a incorporación destes restos a un proceso de musealización dos fondos do Castro que hoxe tanto éxito teñen. A maneira de musealizar e de presentar ese proxecto saberémola en función precisamente das circunstancias do que atopemos aí.

Esta escavación en área require evidentemente, á parte dun proxecto, seguro que necesariamente un novo concurso para adxudicar estas obras porque xa saben vostedes que os traballos de humanización que se están facendo son claramente insuficientes para o levar a cabo. Polo tanto é necesario redactar o proxecto pero tamén sacar a concurso esas novas obras.

Como dicía, previamente procedemos ó tapado e ó aseguramento, que así se chama, dese servizo. Nestes momentos estamos nesta fase e imos continuar cos traballos que acabamos de relatar.

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Sra. Larriba, sinto que teña que ser vostede precisamente quen faga o ridículo máis absoluto. Se me preguntara en que situación se atopaba este tema, seguro que non presentaba esta moción.

Fala vostede de novembro de 2010. Teño aquí a documentación e logo voulla mostrar para que vexa que non lle estou contando unha mentira.

Isto empeza o 15 de marzo de 2010 presentando nós, dende a Área de Servizos Xerais en representación do Concello, na Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia un proxecto que inclúe o control arqueolóxico na rúa Celso Emilio Ferreiro e contorno. Este proxecto autorízase pola Dirección Xeral de Patrimonio mediante Resolución delegada de data 21 de abril de 2010. Na Resolución do 8 de maio de 2010 autorízase o referido proxecto baixo a clave administrativa CT 102A-2010/179/0. En outubro de 2010 solicítase a modificación do proxecto orixinal presentando obras de desmonte e contención da zona verde. Chegamos a novembro de 2010 e éntrase nunha segunda fase que é apertura das sondaxes co desmonte dos antigos inmobles do número dous ó número doce da rúa Celso Emilio Ferreiro. Lémbrolle que había unhas ruínas dunhas casas,

había ratas e absolutamente de todo. Cando se desmonta todo iso é cando se seguen facendo as escavacións arqueolóxicas.

Vostede baséase nunhas notas de prensa pero hai un equipo de catro arqueólogos coordinados e traballando conxuntamente co arqueólogo de Patrimonio Histórico e fíxese que o día 24 de xaneiro de 2011 solicitamos autorización da Dirección de Patrimonio Histórico para que nos deixen facer un muro de contención e estamos agardando. Non se atreven a contestarnos por escrito e o que nos din é que renunciemos a facer o muro, pero resulta que é ó revés, que non nolo deixan facer. Que fagamos o muro. Vale. Pero déanolo por escrito. Que renunciemos a facelo pero que protexamos isto.

Dígame como o temos que protexer. Explíqueo porque é difícil explicar esta situación, moi difícil.

Puxo vostede o exemplo da estatua do Bicentenario. Aí houbo única e exclusivamente unha descoordinación nun momento moi puntual. De inmediato foi a Xunta de Galicia levantar un expediente. Por certo, saiban que din que 60.000 euros cando non hai absolutamente nada.

Por que non fan o mesmo no Castro de Cambados a Xunta de Galicia? Por que aí deixaron que a unha comisión de festas non lle importara absolutamente nada do que había nese castro?

Téño todo documentado. Empezamos o 15 de marzo co proxecto e o que fixo o alcalde foi mandar protexer esa zona e de feito se o ve, hai un valado colocado que por certo tivémolo que colocar á beira do asfalto porque tiñamos que protexer 10 cm. que pedíamos para poder colocar un panel informativo. 10 cm. de profundidade que nos deixaron de palabra, nunca por escrito.

Para protexer o patrimonio histórico de Vigo non fai falta que ninguén nos dea leccións e menos ó Partido Socialista que se non me equivoco acaba de dar unha subvención dun millón de euros precisamente para a musealización da Finca Mirambell.

SRA. LARRIBA LEIRA: Polas respostas penso que todos van votar a favor desta moción porque entenden que efectivamente o interese do achado así o merece.

Sra. Abelairas, eu centreime efectivamente no momento no que apareceu o achado, non fixen todo o relatorio do que foi o proceso de control. Pero en

calquera caso tamén quero centrar o debate en Vigo.

Estando de acordo co expresado polo concelleiro de Patrimonio, si que na súa exposición deixa en evidencia o que eu penso que é o fondo deste problema porque efectivamente o que non fai o concelleiro de Patrimonio é criticar a decisión do alcalde de tapar o achado, non critica que o alcalde prefira ou polo menos así o din na prensa, porque o que aínda non me quedou claro é que van facer. Supoño que van votar a favor desta moción pero non dixeron en ningún momento como pensan facer esta escavación no futuro. Non dixeron se están de acordo con que se vaia facer a escavación, iso non o escoitei.

Como dicía o fondo do problema é que estamos diante dun goberno bipartito que non foi quen de redactar un plan especial de protección para unha zona en pleno centro de Vigo esencial polo seu valor paisaxístico, polo seu valor natural e cultural e non foron quen de elaborar un plan especial aínda que no ano 2008 anunciaron que o presentarían.

O Monte do Castro está repartido entre os dous socios do goberno, cada parte lle toca a un deles e non foron quen de facer un plan que o ordenase. Este depósito arqueolóxico ven complicar aínda máis a situación porque se ve que o patrimonio é tan rico que é necesario non poñer parches, é preciso elaborar un plan global que non fixeron. Mentres os cruceiristas soben ver ruínas incendiadas apegadas ás murallas do castelo, seguen a ver como o Monte do Castro en troques de seren un sitio para o esparexemento da xente, para facer deporte, é un aparcadoiro en superficie e non van ver máis ca unhas lonas tapando o depósito arqueolóxico que vostedes pretenden cubrir de terra.

Coido que ese é o problema de fondo. Este bipartito non foi quen de poñer en valor o Monte do Castro e nós con esta moción, igual que fixemos reclamando unha solución para a muralla, o mesmo que fixemos noutras ocasións, pedimos que tamén se teña en conta este achado.

(Están ausentes o Sr. Coello Bufill, do Grupo Popular, e a Sra. Díaz Vázquez, do Grupo Socialista).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada pola concelleira do Grupo municipal do Partido Popular, Sra. Larriba Leira, instando que se prosigan os traballos arqueolóxicos do Monte do Castro, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

4.A. MOCIÓNS URXENTES

5.- FORMULACIÓN DE ROGOS.

6.- FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

Non se formularon.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás doce horas e corenta minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv/rs.

O ALCALDE,

A SECRETARIA XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

M^a Concepción Campos Acuña.